



XUNTA  
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS  
DE LUGO



Rolda Xosé Castiñeira, 1 27002 Lugo  
Teléfono 982 829 230  
That's English! 982 829 242

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ALEMÁN EOI DE LUGO 2023-2024**

## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	4
1.1. Marco legal.....	4
1. 2. Contexto educativo.....	4
<b>NIVEL BÁSICO (A1 e A2)</b> .....	5
A1    5	
Obxectivos xerais .....	5
Obxectivos específicos .....	5
Competencias e contidos .....	7
Criterios de avaliación .....	10
Mínimos esixibles.....	12
Temporalización.....	15
A2    27	
Obxectivos xerais .....	27
Obxectivos específicos .....	27
Competencias e contidos .....	29
Criterios de avaliación .....	33
Mínimos esixibles.....	35
Temporalización.....	38
<b>NIVEL INTERMEDIO (B1 e B2)</b> .....	60
B1    60	
Obxectivos xerais .....	60
Obxectivos específicos .....	61
Competencias e contidos .....	65
Criterios de avaliación .....	69
Mínimos esixibles.....	72
Temporalización.....	74
B1.2    102	
Obxectivos xerais .....	88
Obxectivos específicos .....	89
Competencias e contidos .....	93
Criterios de avaliación .....	97
Mínimos esixibles.....	100
Temporalización.....	102
<b>NIVEL AVANZADO</b> .....	120
C1    120	
Obxectivos xerais .....	120
Obxectivos específicos e mínimos esixibles.....	121
Competencias e contidos .....	124
Criterios de avaliación .....	128
Mínimos esixibles.....	130
Temporalización.....	132

<b>METODOLOXÍA</b> .....	145
Introdución .....	145
Principios metodolóxicos .....	145
<b>ACTIVIDADES CULTURAIS</b> .....	146
Departamentais.....	146
Festa do Nadal .....	149
Conferencias; relatores invitados.....	149
Interdepartamentais .....	149
<b>RECURSOS</b> .....	149
Recursos humanos.....	149
Recursos didácticos (Aula virtual, libros de texto, materiais didácticos, diversas TIC).....	150
Recursos de adquisición propia do alumnado .....	150
Biblioteca e outros recursos TIC a disposición libre do alumnado .....	150
Libros de lectura .....	150
Recursos cos que conta o departamento para o uso do profesorado .....	151
Recursos na rede .....	151
Atención á diversidade .....	151
<b>AVALIACIÓN</b> .....	152
Avaliación inicial .....	152
Avaliación de progreso .....	152
Avaliación de promoción (ou sumativa) .....	154
Autoavaliación .....	158
Mínimos esixibles en diferentes niveis .....	158
Avaliación da programación didáctica e proposta de revisión para o seguinte curso .....	158

# INTRODUCCIÓN

## 1.1. Marco legal

A presente programación baséase na lexislación vixente.

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. A Lei orgánica 2/2006 establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto. O seu fin é o de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- O Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.
- Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.
- RESOLUCIÓN de 25 de mayo de 2022, de la Secretaría General de Educación y Formación Profesional, por la que se dictan instrucciones para la preinscripción, admisión, matrícula y organización académica en las escuelas oficiales de idiomas de Galicia en el curso 2022/23.

## 1.2. Contexto educativo

A programación do ano académico 2023-2024 da Escola Oficial de Idiomas de Lugo para o idioma alemán comprende os dous cursos do Nivel Básico (A1 e A2), os dous cursos do Nivel Intermedio (B1.1 e B1.2) e un curso do Nivel Avanzado (C1.1).

Parte fundamental desta programación constitúena o currículo dos cursos distribuídos nos dous cuatrimestres de duración de cada curso. Deste xeito, acadamos un seguimento máis doado da programación, ao mesmo tempo que adecuamos os obxectivos e os bloques de contidos a cada unha das fases de avaliación recomendadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para todos os idiomas.

Seguidamente, trátanse os criterios de avaliación; o alumnado deberá ter sempre claro como vai ser avaliado, sabendo o que se espera deles en cada cuatrimestre e mais ao final do curso.

Tamén se establecen unhas liñas metodolóxicas xerais, que terán a función de manter unha constante no método de aprendizaxe da lingua durante todo o curso, e que respectan o enfoque comunicativo, proposto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos Decretos 191/2007, do 20 de setembro, 239/2008, do 25 de setembro e 81/2018, do 19 de xullo.

No apartado dedicado á metodoloxía dase conta dos libros de texto e materiais que se van empregar durante o curso, así coma da continuada implementación das tecnoloxías da información no eido da clase de alemán.

Finalmente recóllense as necesarias medidas de revisión dunha programación didáctica que se plantexa como flexible, susceptible de mudanzas, matizacións e melloras, e os procedementos e propostas para identificar as necesidades de formación do profesorado do departamento de alemán.

# NIVEL BÁSICO (A1 e A2)

## A1

### Obxectivos xerais

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

A1	
<b>Comprender</b> a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.	
<b>Producir e coproducir</b> textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.	
<b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.	
<b>Producir e coproducir</b> textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.	
<b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información persoal moi básica.	

### Obxectivos específicos

A1	
Actividades de comprensión de textos orais	<b>Comprender</b> o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.
	<b>Seguir</b> un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.
	<b>Comprender</b> instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
	<b>Comprender</b> a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiás, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que conten con apoio visual ou anticipación do tema.

Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Establecer</b> contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p> <p><b>Presentarse</b> e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.</p> <p><b>Participar</b> en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.</p> <p><b>Interactuar</b> para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.</p> <p><b>Solicitar</b>, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>
	A1
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Comprender</b> carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.</p> <p><b>Comprender</b> instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiáns que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)</p> <p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.</p> <p><b>Comprender</b> información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.</p> <p><b>Comprender</b> información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Completar</b> documentos básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p><b>Tomar notas</b> a partir dunha información moi sinxela e predicible.</p> <p><b>Escribir</b> mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de inmediata necesidade.</p> <p><b>Intercambiar</b> correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.</p> <p><b>Utilizar</b> elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</p>
	A1
Actividades de mediación	<p><b>Transmitirlle</b> oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.</p> <p><b>Mediar</b> en situacións moi cotiáns e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p> <p><b>Repetir</b> a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.</p>

## Competencias e contidos

Socioculturais e sociolingüísticos	<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p>
	<p><b>A1</b></p> <p><b>Vida cotiá:</b> distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...</p> <p><b>Condicións de vida:</b> vivenda, transporte...</p> <p><b>Relacións persoais:</b> estrutura e relacións sociais e familiares</p> <p><b>Linguaxe corporal:</b> expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)</p> <p><b>Convencións sociais:</b> fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá</p>
Estratéxicos	<p><b>A1</b></p>
	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p> <p><b>1. As estratexias de aprendizaxe</b> danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.</li> </ul> <p><b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.  <b>Distinguir</b> o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).</p> <p><b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Planificar</b> o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.</li> </ul> <p><b>Planificar</b> a estrutura básica do texto.  <b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito.  <b>Adecuar</b> de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.  <b>Aproveitar</b> os coñecementos previos.</p> <p><b>2. As estratexias de comunicación</b> permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <p><b>Probar</b> novas expresións.  <b>Utilizar</b> estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.  <b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.  <b>Deducir</b> o significado de palabras ou frases a partir do contexto.  <b>Compensar</b> as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Efectuar</b>, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.</li> </ul> <p><b>Consultar</b> as posibles dúbidas e corrixir os erros.  <b>Comprobar</b> hipóteses.  <b>Reformular</b> hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.  <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.  <b>Valorar</b> se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.</p>

	<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>
	<p><b>A1</b></p>
<p>Funcionais</p>	<p><b>Usos sociais da lingua:</b></p> <p>Saudar e despedirse.  Presentarse ou presentar a alguén.  Dirixirse a alguén.  Pedir desculpas.  Agradecer.  Felicitar.  Convidar.  Interesarse por persoas.</p> <p><b>Control da comunicación:</b></p> <p>Manifestar comprensión e incomprensión.  Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.  - Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).  Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.</p> <p><b>Información xeral:</b></p> <p>Pedir e dar información sobre datos persoais.  Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.  Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.  Indicar posesión.  Indicar onde e cando ocorre algo.  Referirse a accións cotiás presentes.</p> <p><b>Opinións e valoracións:</b></p> <p>Expresar intereses, preferencias e gustos.  Afirmar e negar algo.  Mostrar acordo e satisfacción.  Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.</p> <p><b>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</b></p> <p>Expresar sensacións físicas e sentimentos.</p> <p><b>Petición de instrucións e suxestións:</b></p> <p>- Pedir axuda, obxectos e servizos.  Invitar, e reaccionar adecuadamente.</p>
<p>Discursivos</p>	<p>Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>
	<p><b>A1</b></p>



	<p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:</b></p> <p>Formularios Listaxes Horarios Billetes e entradas Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...) Cartas de restaurantes e menús Carteis, letreiros e sinais Dicionarios Folletos informativos ou publicitarios Notas e mensaxes</p> <p><b>Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:</b></p> <p>Conversas cara a cara Conversas telefónicas moi sinxelas</p>
Sintácticos	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>
	<p style="text-align: center;"><b>A1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.</li> <li>- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais</li> <li>O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais</li> <li>O demostrativo. Formas, contraccións e usos</li> <li>O posesivo. Formas e usos</li> <li>Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais</li> <li>Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos</li> <li>As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común</li> <li>- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións</li> <li>O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección</li> <li>As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente</li> <li>A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos</li> <li>Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos</li> </ul>
Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p>
	<p style="text-align: center;"><b>A1</b></p> <p><b>Actividades cotiás:</b> hábitos e horarios...</p> <p><b>Alimentación:</b> léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía</p> <p><b>Ciencia e tecnoloxía:</b> aparellos de uso cotián...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Clima, condicións atmosféricas e ambiente:</b> estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...</li> </ul> <p><b>Compras e actividades comerciais:</b> establecementos comerciais, prezos...</p> <p><b>Educación:</b> material e actividades da aula...</p> <p><b>Identificación persoal:</b> datos persoais, estados de ánimo...</p> <p><b>Información e medios de comunicación:</b> noticias e reportaxes sinxelas...</p> <p><b>Relacións familiares e sociais:</b> parentesco, formas de tratamento sinxelas...</p> <p><b>Saúde e coidados físicos:</b> estado físico, partes do corpo...</p> <p><b>Tempo libre e ocio:</b> actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...</p> <p><b>Traballo e profesións:</b> actividades profesionais máis habituais...</p> <p><b>Viaxes:</b> nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...</p> <p><b>Vivenda, fogar e contorna:</b> partes da casa, mobiliario básico...</p>

Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.
	<b>A1</b>
	<p>O alfabeto</p> <p>Correspondencia entre grafías e fonemas</p> <p>Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos</p> <p>A entoación</p> <p>O acento. Regras básicas de acentuación</p> <p>Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente</p> <p>Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas</p> <p>Ortografía do vocabulario máis usual</p> <p>Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes</p>

### Crterios de avaliación

	<b>A1</b>
Actividades de comprensión de textos	<p><b>Comprende</b> os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Recoñece</b> o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.</p>

A1	
Actividades de comprensión e coprodución de textos orais	<p><b>Coñece e utiliza</b> estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p>
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p><b>Comprende</b> o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p>
A1	
Actividades de produción de textos escritos	<p><b>Produce</b> textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>
Actividades de mediación	<p><b>É capaz</b> de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><b>Identifica</b> a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p> <p><b>Repite</b> ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>

A1	
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Comprender</b> fórmulas básicas de contacto social como saúdos, despedidas, desculpas e agradecementos, identificando a intención de comunicación e a relación de formalidade entre os interlocutores. Trátase de verificar con este criterio a capacidade de recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns, e aquelas utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa dos falantes que as utilizan (agradecer, interesarse por algo ou alguén, desculparse...), reaccionando de forma adecuada á situación de comunicación e á intención do emisor ou do interlocutor.</p> <p><b>Comprender</b> o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible. Con este criterio avalíase a capacidade para comprender os puntos esenciais e a información principal en conversas cotiás que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, sentimentos ou sensacións físicas básicas, expresadas con lentitude e boa articulación. Así mesmo, preténdese verificar a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten a comprensión, como pedirlle aclaracións e repeticións ao interlocutor de forma axeitada.</p> <p><b>Comprender</b> transaccións moi básicas de bens e servizos, e relativas ao traballo, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, televisión, radio, etc.), e articuladas amodo, utilizando frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan escoitar máis dunha vez. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade para comprender os detalles da conversa (datos persoais, horarios, prezos, números, preguntas sinxelas) en transaccións moi básicas no ámbito persoal, que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p><b>Comprender</b> instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves, sempre que poidan ser repetidas. Este criterio avalía a capacidade de reaccionar de forma adecuada, lingüisticamente ou coas accións pertinentes, ante instrucións, prohibicións, permisos ou indicacións sinxelas e breves, articuladas a unha velocidade lenta e con moita claridade (por exemplo, na aula, para orientarse nunha cidade...), especialmente se se poden volver escoitar.</p> <p><b>Comprender</b> a información esencial de pasaxes curtas gravadas que conteñan conversas, narracións e/ou descricións emitidas mediante estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez. Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para identificar os puntos esenciais e a información principal de textos orais ou audiovisuais breves, articulados con xeito e de maneira comprensible, que conteñan intercambios, narracións e/ou descricións moi sinxelas, que traten sobre asuntos previsibles da vida cotiá ou moi coñecidos.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias de comprensión para superar as limitacións que se encontren na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto lingüístico e non lingüístico.</p> <p>Con este criterio avalíase, en todas as tarefas de comprensión oral, a capacidade do alumnado para predicir e facer hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e das expectativas predicibles na situación de comunicación, deducindo o significado probable das palabras ou frases que descoñece coa axuda dos coñecementos doutras linguas, de claves contextuais (lugar da palabra na frase) e contextuais (ton da voz, expresións faciais, postura, posición no espazo, actos explícitos e xestos, que amosan e regulan o comportamento dos individuos), etc.</p>

**A1**

Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Establecer** contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende. Con este criterio avalíase a capacidade do alumnado para utilizar de maneira espontánea as formas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

**Intercambiar** de xeito intelixible información sobre si mesmo e sobre outras persoas usando un repertorio básico de palabras e frases illadas, e facéndose comprender aínda que o interlocutor necesite repeticións e aclaracións. Con este criterio valorarase a capacidade do alumno de reaccionar nunha conversa á cara, se é quen de dar e obter información sobre datos básicos, persoais como profesión, residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc. Valorarase que posúe un repertorio básico de expresións sinxelas relativas a estes datos. A conversa estará caracterizada por intervencións moi breves e significativas e verificarase a capacidade de usar rutinas sinxelas e básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.

**Formular** invitacións e realizar propostas moi sinxelas, reaccionando adecuadamente a elas, se se lle fala con xeito e con claridade, e usando estruturas lingüísticas sinxelas dentro dun repertorio aprendido. Con este criterio avaliarase a capacidade de ofrecer e rexeitar (invitar a ir ao cine, ir a clase xuntos, pedir apuntamentos...) utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía. Valorarase a utilización adecuada das expresións relativas á expresión do acordo, do desacordo, do interese, da posibilidade e imposibilidade, así como a expresión de números, cantidades, horas e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro.

**Comprender** e dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas se se formulan amodo e articuladas claramente, e reaccionar adecuadamente ante elas, aínda que sexan necesarias repeticións e aclaracións e se teña que recorrer ao uso de estratexias paralingüísticas. Trátase de avaliar esencialmente que o alumno é quen de seguir e dar instrucións moi básicas (como ir a un lugar ou comprender avisos básicos). Valorarase que se fagan preguntas e se dean respostas para asegurar a comunicación. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións sempre que non imposibiliten a comunicación.

**Comunicarse** en conversas sinxelas que requiran o intercambio de experiencias persoais e de actividades cotiás e de necesidade inmediata mediante frases memorizadas, breves e illadas, facéndose comprender aínda que se fagan pausas para buscar as expresións e as palabras menos habituais, sendo capaz de utilizar as estratexias que lle permitan garantir a comunicación. Trátase de avaliar a capacidade de formular e responder intelixiblemente preguntas sinxelas sobre a súas actividades da vida diaria, tempo libre e lecer, relacións humanas e sociais habituais e sobre as condicións atmosféricas. Valorarase a utilización dun repertorio léxico moi elemental pero propio dos distintos temas abordados.

**Expresar** brevemente e de xeito comprensible sentimentos e sensacións físicas frecuentes empregando un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas, e podendo axudarse de accións non lingüísticas discretas e axeitadas. Con este criterio avalíase a capacidade de facerse entender utilizando expresións frecuentes no ámbito público da saúde e dos coidados físicos (doenzas, accidentes, consultas), así como na expresión máis básica dos sentimentos e intereses persoais, tales como satisfacción como satisfacción, gusto e tristeza, admiración e sorpresa. Valorarase, igualmente, a utilización de estratexias de comunicación como o uso de xestos apropiados e as exaxeracións.

**Seguir** unha breve exposición sinxela sobre un tema cotián, articulada de forma lenta e clara, entendendo o suficiente para poder pedir aclaracións e repeticións que aseguren a comprensión das ideas principais. A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender o esencial de monólogos emitidos á cara, aínda que non se comprendan na súa totalidade.

**Utilizar** estratexias de comunicación e de comprensión para asegurar o éxito da interacción.

A través deste criterio, aplicable a todas as tarefas de expresión e interacción oral, valorarase o uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais (uso do contexto verbal e non verbal; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave) e de estratexias de comunicación como a pertinencia das preguntas ou das solicitudes de repeticións que permitan verificar a comprensión, o uso de xestos non esaxerados, o soletreo de palabras non comprendidas, etc.

**Comprender** a información esencial, e os puntos principais ou detalles relevantes en textos breves, de estrutura sinxela, que conteñan información persoal básica propia e doutras persoas.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para identificar información persoal básica (descrición física, nome, enderezo, teléfono, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) presentada ou solicitada en textos como formularios, fichas, cuestionarios, carnés ou anuncios.

**Comprender** mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións.

Por exemplo, indicacións para chegar a un enderezo ou lugar, frecuencia da dose dun medicamento ou produto de coidado persoal, manexo elemental de aparellos, funcións básicas en páxinas da internet, horarios de transportes públicos ou espectáculos, prezos e cantidades, etc.

**Comprender** información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, se é o caso, en parágrafos curtos relacionados con conectadores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.

Con este criterio preténdese valorar a capacidade para atopar a información que se precise cunha finalidade inmediata en pequenas narracións moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de ocio, dicionarios, catálogos, etc.

**Comprender** a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en papel ou soporte dixital.

Con este criterio preténdese verificar a capacidade do alumno para identificar a intención de comunicación, fórmulas de saúdo e despedida e outras convencións básicas propias deste tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado a postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, etc.

**Comprender** textos escritos sinxelos superando as dificultades lingüísticas mediante a extrapolación de significados utilizando estratexias lingüísticas e non lingüísticas.

Este criterio tenta medir, en todas as tarefas de comprensión de lectura, a capacidade do alumno de inferir significados a partir do coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais: imaxes, tipografía, deseño, etc., así como das características do medio en que aparece impresa a información: revistas, carteis, xornais, folletos, internet, etc.

A1	
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Completar</b> textos escritos en papel ou soporte dixital nos que se solicita información básica sobre a identificación persoal.</p> <p>Mediante este criterio avaláase a capacidade do alumnado para cubrir adecuadamente cuestionarios, formularios ou impresos con información persoal básica (nome, nacionalidade, idade, enderezo...).</p> <p>Escribir notas e mensaxes moi breves e sinxelas relativas a necesidades inmediatas.</p> <p>Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de escribir textos breves moi sinxelos con información de inmediateza (indicando horas, número, prezo...), empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, e frases e oracións simples e illadas, ou enlazadas con conectadores elementais.</p> <p><b>Escribir</b> textos con información, instrucións e indicacións moi básicas e breves relacionadas con actividades cotiás ou de inmediateza.</p> <p>Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para elaborar textos moi curtos como a enumeración de actividades moi habituais, listas de tarefas, listas de compras, etc; textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc., empregando unha serie de modelos de oracións preparadas de antemán.</p> <p><b>Escribir</b>, a partir dun modelo, correspondencia persoal moi breve e sinxela sobre temas da vida cotiá ou de inmediateza.</p> <p>Con este criterio avaláase a capacidade do alumnado para escribir, en papel ou soporte dixital, notas, cartas persoais, postais, felicitacións e correos electrónicos moi sinxelos e breves, que conteñan información cotiá ou de primeira necesidade. Isto farase a partir de modelos previos, usando as fórmulas máis básicas de saúdo e despedida, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións simples e illadas ben estruturadas e cunha orde lóxica, dentro dun repertorio aprendido.</p> <p><b>Utilizar</b> elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo.</p> <p>Con este criterio preténdese avaliar, en todas as tarefas de expresión escrita, a capacidade do alumnado para utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura seguindo modelos de textos de características similares; a planificación e o ensaio do texto; a revisión que garanta a corrección tanto ortográfica como na orde das palabras e na presentación do escrito. Tamén se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, as novas tecnoloxías, etc.).</p>
Actividades de mediación	<p><b>É capaz</b> de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><b>Identifica</b> a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.</p> <p><b>Repite</b> ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>

### Temporalización

O curso consta de 120 horas anuais, se por circunstancias excepcionais algunha hora non puiden ser presencial, substituirase por traballo dentro da aula virtual.

Neste apartado distribuímos os apartados anteriores en unidades didácticas. Deste xeito garátese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada. Con carácter xeral, os contidos repártense ao longo do curso en dous cuatrimestres marcados polas probas de progreso.

Na temporalización tamén se ten en conta a progresión da aprendizaxe, así as unidades con contidos máis complexos contan con máis tempo cás que son de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos esixentes.

**UNIDADE DIDÁCTICA 0: EMPEZAMOS A COÑECER O ALEMÁN!**

**TAREFA FINAL: Comprender a presentación dunha persoa, coa axuda dos internacionalismos e mais do apoio visual.  
Presentarse e presentar outras persoas**

<b>NIVEL</b>	Básico A1	5 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Tema <i>Start auf Deutsch</i> ) Fotocopias, audios e vídeos, internet. Aula virtual (Moodle)	Individual e cooperativo	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>
<b>OBXECTIVOS</b>	CO	<b>Comprender</b> o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre información persoal: nome e apelidos, procedencia, linguas estranxeiras e lugar de residencia, sempre que se fale con lentitude e claridade.	
	CE	<b>Comprender</b> carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.	
	PCOM	<b>Establecer</b> contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía. <b>Presentarse</b> e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a. <b>Transmitirle</b> oralmente a terceiras persoas información persoal básica contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.	
	PCEM	<b>Completar</b> documentos básicos nos que se solicite información persoal.	
<b>COMPETENCIAS CONTIDAS</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: saúdos e despedidas. As relacións persoais: estrutura e relacións sociais.	<b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. <b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito. <b>Compensar</b> as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.	<b>Usos sociais da lingua:</b> saudar e despedirse. Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén. <b>Control da comunicación:</b> Manifestar comprensión e incomprensión. Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión: soletrear. <b>Información xeral:</b> Pedir e dar información sobre datos persoais.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Formularios Listaxes Dicionarios Conversas cara a cara	O verbo: a expresión do presente A oración simple afirmativa e interrogativa. As partículas interrogativas: <i>was, wer, wie, wo, woher</i> . O pronome persoal en nominativo ( <i>du/Sie</i> ) Os posesivos <i>mein/dein/Ihr</i>	<b>Identificación persoal:</b> datos persoais. <b>Viaxes:</b> nomes de países (só os que precise o alumnado).
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
	O alfabeto Correspondencia entre grafías e fonemas Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas		



**UNIDADE DIDÁCTICA 1: COÑECÉMONOS MELLOR E TOMAMOS UN CAFÉ!**

**TAREFA FINAL: Tomar un café na entrada da escola para coñecerse mellor o grupo.**

<b>NIVEL</b>	Básico A1	5 sesións de 120 minutos (1º cuadr.)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Tema 1) Fotocopias, audios e vídeos, internet. Aula virtual (Moodle)	Individual e cooperativo	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>OBJECTIVOS</b>	CO	<b>Comprender</b> o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre información persoal: nome e apelidos, procedencia, linguas estranxeiras e lugar de residencia, sempre que se fale con lentitude e claridade.	
	CE	<b>Comprender</b> carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.	
	PCOM	<b>Interactuar</b> para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas nunha cafetería, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente. <b>Presentarse</b> e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a. <b>Transmitirille</b> oralmente a terceiras persoas información persoal básica contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.	
	PCEM	<b>Completar</b> documentos básicos nos que se solicite información persoal.	
<b>COMPETENCIAS</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: saúdos e despedidas. As relacións persoais: estrutura e relacións sociais.	<b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. <b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito. <b>Compensar</b> as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos. <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas. <b>Adecuar</b> de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto <i>du/Sie</i>	<b>Usos sociais da lingua:</b> saudar e despedirse. Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén. <b>Información xeral:</b> Pedir e dar información sobre datos persoais. Pedir e dar información sobre prezos e cantidades.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S	<p><b>Relacións persoais:</b> relacións sociais.</p> <p><b>Linguaxe corporal:</b> calidade de voz (ton, volume...).</p> <p><b>Convencións sociais:</b> fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.</p> <p><b>Vida cotiá</b> costumes relacionados con actividades de lecer... Comparación dos costumes de relacións sociais e lecer dos países de lingua alemá co entorno da lingua orixe.</p>	<p><b>de aprendizaxe:</b> <b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).</p> <p><b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. <b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito. <b>Adecuar</b> de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. <b>Aproveitar</b> os coñecementos previos. <b>de comunicación: Probar</b> novas expresións. <b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. <b>Deducir</b> o significado de palabras ou frases a partir do contexto. <b>Compensar</b> as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos. <b>Consultar</b> as posibles dudas e correxir os erros. <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.</p>	<p><b>Usos sociais da lingua:</b> Saudar e despedirse. Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén. Pedir desculpas. Agradecer. Queixarse Felicitar. Convidar. Interesarse por persoas. Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.</p> <p><b>Control da comunicación:</b> Manifestar comprensión e falta de comprensión.</p> <p><b>Información xeral:</b> Describir persoas, obxectos, lugares e proxectos. Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.</p> <p><b>Opinións e valoracións:</b> Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.</p> <p><b>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</b> Expresar estados de ánimo.</p> <p><b>Petición de instrucións e suxestións:</b> Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.</p>
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<p><b>orais:</b> Conversas cara a cara. Textos gravados. Presentacións públicas.</p> <p><b>escritos:</b> Anuncios publicitarios. Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...).Cartas de restaurantes e menús. Textos sinxelos e breves propios de medios impresos e de internet. Biografías.</p>	<p>O pronome persoal en dativo. A oración de relativo. Pronome relativo en nominativo e acusativo.</p>	<p><b>Tempo libre e ocio:</b> actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses.</p> <p><b>Alimentación:</b> léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía. Situacións de fala nun restaurante.</p> <p><b>Relacións sociais:</b> formas de tratamento.</p>
<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			
<p>Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos. A pronunciación das oclusivas “b”, “d”, “g” e “p”, “t”, “k”.</p> <p>A pronunciación dos grupos de consonantes e das consonantes a final de palabra.</p> <p>A pronunciación das vocais iniciais de palabra despois de palabras rematadas en consonante.</p>			

Segundo cuadrimestre

Unidade		Tarefa / Produto final	Mes Sesi3ns / Horas
U7	Buscando piso	Redactar unha entrada nun blog sobre a busca de vivenda	<b>Febreiro</b> 5 sesi3ns 10 horas
U8	Turismo cultural	Elaborar unha gu3a tur3stica sobre Lugo.	<b>Marzo</b> 5 sesi3ns 10 horas
U9	Mundo laboral	Redactar e presentar unha entrevista de traballo.	<b>Marzo/Abril</b> 5 sesi3ns 10 horas
U10	Imos de festa	Elaborar unha gu3a sobre o Lucus Augusti.	<b>Abril/Maio</b> 6 sesi3ns 12 horas
U11	Os cinco sentidos	Redactar a sinopse dunha pel3cula.	<b>Maio</b> 5 sesi3ns 10 horas

UNIDADE DIDÁCTICA 7: BUSCANDO PISO				
TAREFA FINAL: BUSQUEDA DE VIVENDA				
<b>NIVEL</b>	Básico A2		5 sesi3ns de 120 minutos (2º cuadr.)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Studio Express A2 Tema 19)	Audios e vídeos Internet, Aula virtual (Moodle)Fotocopias	Individual e grupos	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>
<b>OBJECTIVOS</b>	CO	<p><b>Comprender</b> o significado global e as informaci3ns relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relacionen experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe est3ndar.</p> <p><b>Comprender</b> frases e expresi3ns habituais relacionadas con necesidades inmediatas de temas de vivenda, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><b>Comprender</b> a informaci3n esencial en exposici3ns e presentaci3ns p3blicas breves e sinxelas, referidas a temas de vivenda.</p>		
	CE	<p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar informaci3n relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua est3ndar, e relacionados con temas da s3a experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Comprender</b> textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua est3ndar.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a compresi3n recorrendo a claves ling3sticas e non ling3sticas.</p>		

	PCOM	<p><b>Desenvolverse</b> en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p><b>Describir</b> nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se llas repiten e se lle axudan coas respostas.</p> <p>Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás, e expresar brevemente a súa opinión.</p> <p><b>Solicitar</b> a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>				
	PCEM	<p><b>Intercambiar</b> información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p><b>Intercambiar</b> correspondencia breve e sinxela sobre vivenda nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p><b>Describir</b> de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p>				
COMPETENCIAS	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>		<b>II- Estratéxicos</b>		<b>III- Funcionais</b>	
	<p><b>Condições de vida:</b> vivenda, transporte...</p> <p><b>Convencións sociais:</b> formulas de cortesía en situacións de vida cotiá.</p> <p>Comparar as preferencias de vivenda e os procedementos para acceder a ela nos países de lingua alemana cos do país de lingua de orixe.</p>		<p><b>de aprendizaxe:</b></p> <p><b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la.</p> <p><b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.</p> <p><b>Planificar</b> o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.</p>		<p><b>Usos sociais da lingua:</b></p> <p>Saudar e despedirse.</p> <p>Presentarse ou presentar a alguén. Dirixirse a alguén.</p> <p>Iniciar e concluir unha conversa telefónica sinxela.</p> <p>Agradecer.</p> <p><b>Control da comunicación:</b></p> <p>Manifestar comprensión ou falta de comprensión.</p> <p>Pedirlle confirmación da</p>	

	<p><b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito.</p> <p><b>Adecuar</b> de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.</p> <p><b>Aproveitar</b> os coñecementos previos.</p> <p><b>de comunicación:</b></p> <p><b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.</p> <p><b>Deducir</b> o significado de palabras ou frases a partir do contexto.</p> <p><b>Consultar</b> as posibles dúbidas e corrigir os erros.</p> <p><b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.</p> <p><b>Valorar</b> se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.</p> <p><b>Efectuar</b>, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.</p>	<p>comprensión á persoa interlocutora.</p> <p>Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.</p> <p><b>Información xeral:</b></p> <p>Describir persoas, obxectos e lugares.</p> <p>Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.</p> <p><b>Opinións e valoracións:</b></p> <p>Valorar un feito.</p> <p>Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. Expressar coñecemento ou descoñecemento.</p> <p><b>Petición de instrucións e suxestións:</b></p> <p>Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.</p>
<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
<p><b>orais:</b></p> <p>Conversas cara a cara.</p> <p>Presentacións públicas.</p> <p>Material gravado.</p> <p>Conversas telefónicas sinxelas.</p> <p><b>escritos:</b></p> <p>Anuncios publicitarios.</p> <p>Folletos informativos ou publicitarios.</p> <p>Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...).</p> <p>Textos sinxelos e breves propios de medios impresos e de internet.</p>	<p>Os verbos modais en <i>Präteritum</i>.</p> <p>O adxectivo: Uso do comparativo coas conxuncións <i>so/ebenso/genauso.. wie e als</i>.</p>	<p><b>Vivenda, fogar e contorna:</b> partes da casa, mobiliario básico. A vida no campo e na cidade.</p> <p><b>Saúde e cuidados físicos:</b> Primeiros auxilios.</p>
<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Correspondencia entre grafías e fonemas. A pronunciación das grafías “sch”, “sp” e “st”.		

UNIDADE DIDÁCTICA 8: TURISMO CULTURAL				
TAREFA FINAL: QUE COUSAS SE PODEN VER NUNHA CIDADE, PORQUE? QUE TER EN CONTA CANDO É FORA?				
<b>NIVEL</b>	Básico A2		5 sesións de 120 minutos (2º cuadr.)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Studio Express A2 Tema 20)	Audios e vídeos Internet, Aula virtual (Moodle)Fotocopias	Individual e grupos	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>OBJECTIVOS</b>	CO	<p><b>Comprender</b> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas no contexto de viaxes culturais e visita de cidades, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas nos contextos de turismo e cultura.</p> <p><b>Comprender</b> o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p>		
	CE	<p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Comprender</b> textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>		
	PCOM	<p><b>Desenvolverse</b> en actividades habituais e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas relacionados co turismo e viaxes culturais, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p><b>Expoñer</b> plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos de turismo e visitas culturais.</p> <p><b>Solicitar</b> a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>		
	PCEM	<p><b>Describir</b> de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p> <p><b>Utilizar</b> elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>		
<b>COMPETENCIAS</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>		<b>II- Estratéxicos</b>	
	<p><b>Vida cotiá:</b> horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados con actividades de lecer e o turismo.</p> <p>Toma de contacto con personaxes históricos da cultura de países de lingua alemana.</p>		<p><b>de aprendizaxe:</b></p> <p><b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.</p> <p><b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.</p> <p><b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.</p> <p><b>Planificar</b> o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.</p>	
				<p><b>III- Funcionais</b></p> <p><b>Usos sociais da lingua:</b></p> <p>Dirixirse a alguén.</p> <p>Interesarse por persoas.</p> <p><b>Control da comunicación:</b></p> <p>Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.</p> <p><b>Información xeral:</b></p> <p>Describir lugares.</p> <p>Referirse a situacións presentes e pasadas.</p> <p>Expoñer proxectos.</p> <p><b>Opiniós e valoracións:</b></p>

E  CONTIDOS		<b>Planificar</b> a estrutura básica do texto. <b>Ensañar</b> o texto oral ou escrito. <b>Aproveitar</b> os coñecementos previos. <b>de comunicación:</b> <b>Probar</b> novas expresións. <b>Utilizar</b> estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. <b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas. <b>Valorar</b> se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.	Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. Expresar coñecemento ou descoñecemento. <b>Petición de instrucións e suxestións:</b> Suxerir unha actividade.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<b>orais:</b> Conversas cara a cara. Material gravado. Instrucións sinxelas.  <b>escritos:</b> Folletos informativos ou publicitarios. Biografías. Textos sinxelos e breves.	Adverbios de tempo: <i>früher, heute</i> .  Verbos en <i>Präteritum</i> .  Uso do <i>Perfekt</i> e do <i>Präteritum</i> : lingua oral e escrita.  Oracións temporais coa conxunción <i>als</i> .	<b>Tempo libre e ocio:</b> Actividades culturais, afeccións e intereses, visitas culturais.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Recoñecemento e produción dos sons vocálicos. A vogais con <i>Umlaut</i> .			

UNIDADE DIDÁCTICA 9: MUNDO LABORAL				
TAREFA FINAL: PRESENTAR UN OFICIO				
<b>NIVEL</b>	Básico A2		5 sesións de 120 minutos (2º cuadr.)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Studio Express A2 Tema 21)	Audios e vídeos Internet, Aula virtual (Moodle) Fotocopias	Individual e grupos	<b>MODALIDADE DE TRABAJO</b>
<b>OBXECTIVOS</b>	CO	<b>Comprender</b> o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns relacionados co traballo, e identificar un cambio de tema. <b>Comprender</b> o sentido xeral e a información esencial predicible de conversas telefónicas mantidas cos no ámbito de traballo. <b>Comprender</b> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas relacionadas co traballo, sempre que se fale dun xeito pausado e ben articulado.		
		<b>Comprender</b> o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.		
	CE	<b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados co ámbito laboral, especialmente se contan con apoio visual. <b>Comprender</b> textos instructivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar. <b>Comprender</b> textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar. <b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.		

	<p><b>PCOM</b></p> <p><b>Desenvolverse</b> nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.</p> <p><b>Desenvolverse</b> en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p><b>Describir</b> nun monólogo accións, ideas e proxectos de forma breve e sinxela, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes.</p> <p><b>Expoñer</b> plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiás.</p> <p><b>Solicitar</b> a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>		
	<p><b>PCEM</b></p> <p><b>Describir</b> de forma sinxela capacidades laborais, e narrar experiencias relacionadas co traballo.</p> <p><b>Intercambiar</b> correspondencia breve e sinxela, sobre temas relacionados co traballo, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p> <p><b>Utilizar</b> elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>		
<b>COM PETE NCIA S</b>  <b>E</b>  <b>CON TIDO S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>  <b>Convencións sociais:</b> fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá do ambiente laboral <b>Vida cotiá:</b> costumes relacionados co traballo. <b>Linguaxe corporal:</b> calidade de voz (ton, volume...) en ambientes laborais. <b>Condicións de vida:</b> condicións laborais e de acceso ao traballo. Comparar os mecanismos de acceso ao mundo laboral así como as relacións persoais entre traballadores dos países de lingua alemana co entorno da lingua de orixen.	<b>II- Estratéxicos</b>  <b>de aprendizaxe:</b> <b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. <b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. <b>Adequar</b> de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. <b>de comunicación:</b> <b>Probar</b> novas expresións. <b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. <b>Deducir</b> o significado de palabras ou frases a partir do contexto. <b>Consultar</b> as posibles dúbidas e corrixir os erros. <b>Comprobar</b> hipóteses. <b>Reformular</b> hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.	<b>III- Funcionais</b>  <b>Usos sociais da lingua:</b> Saudar e despedirse. Dirixirse a alguén. Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. <b>Control da comunicación:</b> Manifestar comprensión e falta de comprensión. Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión. <b>Información xeral:</b> Describir persoas, obxectos e lugares. Referirse a accións e situacións presentes e pasadas. Expoñer proxectos e formular hipóteses. <b>Opinións e valoracións:</b> Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. <b>Petición de instrucións e suxestións:</b> Pedir e ofrecer axuda e servizos.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>

<p><b>orais:</b>  Conversas cara a cara.  Textos gravados.  Presentacións públicas sinxelas.  Instrucións sinxelas.  Conversas telefónicas sinxelas.</p> <p><b>escritos:</b>  Currículos.  Anuncios publicitarios.  Folletos informativos ou publicitarios.  Carteis, letreiros e sinais. Textos sinxelos e breves.  Correspondencia persoal e formal (mensaxes electrónicas...).</p>	<p>Oracións causais con <i>weil e denn</i>.  O verbo <i>werden</i>.  A nominalización dos verbos.  Uso da forma de cortesía con <i>hätte e könnte</i>.</p>	<p><b>Traballo e profesión:</b>  actividades profesionais máis habituais, formación profesional, búsqueda de traballo, relacións no ámbito do traballo.</p>
<p><b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b></p>		
<p>Recoñecemento e produción dos sons vocálicos. Os diptongos.</p>		

<p style="text-align: center;"><b>UNIDADE DIDÁCTICA 10: IMOS DE FESTA</b>  <b>TAREFA FINAL: PRESENTAR UNHA FESTA TÍPICA ALEMANA</b></p>				
<b>NIVEL</b>	Básico A2		6 sesións de 120 minutos (2º cuadr.)	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Studio Express A2 Tema22)	Audios e vídeos Internet, Aula virtual (Moodle) Fotocopias	Individual e grupos	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>OBJECTIVOS</b>	CO	<p><b>Comprender</b> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre celebracións tradicionais e festas, e identificar un cambio de tema.</p> <p><b>Comprender</b> o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles sobre a celebración de festas, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p>		
	CE	<p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Comprender</b> textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>		
	PCO M	<p><b>Desenvolverse</b> en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións festivas, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p><b>Solicitar</b> a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>		
	PCE M	<p><b>Intercambiar</b> información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p><b>Describir</b> de forma sinxela lugares, celebracións e costumes, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p>		
	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	



<b>COM PETE NCIAS E CONT IDOS</b>	<p><b>Vida cotiá:</b> horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados con festas tradicionais e sociais.</p> <p><b>Relacións persoais:</b> relacións sociais e familiares. Comparar os costumes festivos e relacións sociais de ambiente festivo nos países de lingua alemana e comparalo co entorno da lingua de orixe.</p>	<p><b>de aprendizaxe:</b>  <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.  <b>Distinguir</b> o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).  <b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.  <b>Aproveitar</b> os coñecementos previos.  <b>de comunicación:</b>  <b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.  <b>Deducir</b> o significado de palabras ou frases a partir do contexto.  <b>Compensar</b> as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.  <b>Consultar</b> as posibles dúbidas e corrixir os erros.  <b>Comprobar</b> hipóteses.  <b>Valorar</b> se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.  <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.</p>	<p><b>Usos sociais da lingua:</b>  Dirixirse a alguén.  Interesarse por persoas.  Convidar.  Agradecer.  Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.  <b>Control da comunicación:</b>  Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.  <b>Información xeral:</b>  Descibir persoas, obxectos e lugares.  Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.  <b>Opinións e valoracións:</b>  Valorar un feito.  Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.  <b>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</b>  Expresar estados de ánimo.  <b>Petición de instrucións e suxestións:</b>  Pedir e ofrecer axuda. Suxerir unha actividade.</p>
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<p><b>orais:</b>  Conversas cara a cara.  Textos gravados.  Presentacións públicas.</p> <p><b>escritos:</b>  Textos sinxelos e breves. Artigos escritos de medios de comunicación  Instrucións sinxelas.  Folletos informativos.</p>	<p>As preposicións con dativo.  Verbos con complementos preposicionais de acusativo e dativo.  Oracións causais e consecutivas coa preposición <i>wenn</i>.</p>	<p><b>Tempo libre e ocio:</b>  festas tradicionais ao longo do ano e os seus costumes.  <b>Relacións familiares e sociais</b> en ambiente festivo.</p>
<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			
Correspondencia entre grafías e fonemas. A pronunciación da grafía “ch” e dos sufixos “-ig” e “-lich”.			

UNIDADE DIDÁCTICA 11: OS CINCO SENTIDOS			
TAREFA FINAL: PRESENTAR UNHA PELÍCULA DE FALA ALEMANA			
<b>NIVEL</b>	Básico A2		5 sesións de 120 minutos (2º cuadr.)
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto (Studio Express A2 Tema 23)	Audios e vídeos Internet, Aula virtual (Moodle) Fotocopias	Individual e grupos
<b>OBXETIVOS</b>	CO	<p><b>Comprender</b> frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre o estudo e o traballo, e identificar un cambio de tema.</p> <p><b>Comprender</b> o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles sobre o traballo, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.</p>	
	CE	<p><b>Comprender</b> o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><b>Comprender</b> textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.</p> <p><b>Utilizar</b> estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.</p>	
	PCOM	<p><b>Desenvolverse</b> en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Descibir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes.</p> <p><b>Solicitar</b> a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.</p>	
	PCEM	<p><b>Intercambiar</b> información concreta e sinxela sobre aspectos cotiás e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p><b>Descibir</b> de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás.</p> <p><b>Intercambiar</b> correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.</p>	
<b>COM P E T E</b>	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais

<b>N C I A</b> <b>S</b> <b>E</b>  <b>C O N</b> <b>T I D O</b> <b>S</b>	<p><b>Linguaxe corporal:</b> expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...).</p> <p>Interpretación da información non verbal transmitida mediante códigos sociais dos países de lingua alemana e comparación co entorno da lingua orixe.</p>	<p><b>de aprendizaxe:</b>  <b>Determinar</b> os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la.  <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.  <b>Formular</b> hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.  <b>Planificar</b> o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.  <b>Aproveitar</b> os coñecementos previos.</p> <p><b>de comunicación:</b>  <b>Probar</b> novas expresións.  <b>Cooperar</b> coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.  <b>Deducir</b> o significado de palabras ou frases a partir do contexto.  <b>Compensar</b> as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.  <b>Consultar</b> as posibles dúbidas e corrixir os erros.  <b>Comprobar</b> hipóteses.  <b>Valorar</b> se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.  <b>Memorizar</b> palabras e estruturas novas aprendidas.</p>	<p><b>Usos sociais da lingua:</b>  Dirixirse a alguén.  Interesarse por persoas.</p> <p><b>Control da comunicación:</b>  Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.  Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.</p> <p><b>Información xeral:</b>  Descibir persoas, obxectos e lugares.  Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.</p> <p><b>Opiniós e valoracións:</b>  Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade. Expresar coñecemento ou descoñecemento.</p> <p><b>Estados de saúde, sensacións e sentimentos:</b>  Expresar estados de ánimo</p>
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<p><b>orais:</b>  Conversas cara a cara.  Material gravado.  Presentacións públicas.</p> <p><b>escritos:</b>  Textos sinxelos e breves.  Artigos escritos de medios de comunicación.  Biografías.  Carteleira de cine.  Sinopses de películas.</p>	<p>Pronomes indefinidos <i>alle, viele, wenige, einige, manche</i>.  Preposicións con complementos de acusativo ou dativo.  Verbos que rixen acusativo e verbos que rixen dativo: <i>legen, liegen</i>.  O xenitivo.  Oracións de relativo: <i>in, an, mit</i> con dativo.</p>	<p><b>Identificación persoal:</b>  Estados de ánimo.</p> <p><b>Tempo libre e ocio:</b>  Actividades de lecer.</p>
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
<p>A entoación dos diferentes tipos de oración.</p>			

## NIVEL INTERMEDIO (B1)

### B1

#### Obxectivos xerais

O alumnado que supere o **nivel intermedio B1** poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Dentro deste nivel a EOI de Lugo eliminará as imaxes estereotipadas de homes e mulleres e substituíraas por outras que fomenten a igualdade.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

#### B1

**Comprender** o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos cotiás ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algúns detalles.

**Producir e coproducir**, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos cotiás, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluidez suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixible, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.

**Comprender** o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas do autor ou da autora en textos escritos breves ou de media extensión, claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre asuntos cotiás, aspectos concretos de temas xerais, de carácter habitual, de actualidade ou de interese persoal.

**Producir e coproducir**, independentemente do soporte, textos escritos breves ou de extensión media, sinxelos e claramente organizados, adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación e propósito comunicativo), sobre asuntos cotiás, de carácter habitual ou de interese persoal, utilizando con razoable corrección un repertorio léxico e estrutural habitual relacionado coas situacións máis predicibles e os recursos básicos de cohesión textual, e respectando as convencións ortográficas e de puntuación fundamentais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións de carácter habitual nas cales se producen sinxelos intercambios de información relacionados con asuntos cotiás ou de interese persoal.

B1	
Actividades de comprensión de textos orais	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, á realización de actividades cotiás, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.</li> <li>2. <b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).</li> <li>3. <b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.</li> <li>4. <b>Entender</b>, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (p. ex. no caso dunha reclamación), sempre que se poida pedir confirmación sobre algúns detalles.</li> <li>5. <b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</li> <li>6. <b>Comprender</b>, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descricións e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.</li> <li>7. <b>Identificar</b> os puntos principais e os detalles relevantes dunha conversa formal ou dun debate que se presencia, breve ou de duración media, e entre dúas ou máis persoas interlocutoras, sobre temas xerais, coñecidos, de actualidade ou do propio interese, sempre que as condicións acústicas sexan boas, que o discurso estea ben estruturado e articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar, e que non se faga un uso moi idiomático ou especializado da lingua.</li> <li>8. <b>Comprender</b>, nunha conversa formal en que se participa, no ámbito público, académico ou ocupacional, e independentemente da canle, gran parte do que se di sobre actividades e procedementos cotiás, e menos habituais se está relacionado co propio campo de especialización, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.</li> <li>9. <b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiás, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.</li> <li>10. <b>Comprender</b> moitas películas, series e programas de entretemento que se articulan con claridade e nunha linguaxe sinxela, nunha variedade estándar da lingua, e nos cales os elementos visuais e a acción conducen gran parte do argumento.</li> </ol>

B1

Actividades de produción e coprodución de textos orais

1. **Facer declaracións** públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.
2. **Facer presentacións** preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre un tema xeral ou do propio interese ou especialidade, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.
3. **Desenvolverse en transaccións** comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. para facer unha reclamación ou realizar unha xestión administrativa de rutina), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.
4. **Participar con eficacia** en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, afeccións, traballo, viaxes, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as propias reaccións; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.
5. **Tomar a iniciativa** en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.
6. **Tomar parte** en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.

B1

Actividades de comprensión de textos escritos

1. **Comprender con suficiente detalle**, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, a realización de actividades cotiás ou o seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.
2. **Localizar con facilidade** e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).
3. **Entender** información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas xerais de interese persoal, académico ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.
4. **Comprender notas** e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan instrucións ou indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas, acontecementos, obxectos e lugares; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.
5. **Comprender información** relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como centros de estudos, empresas ou compañías de servizos en que se informa de asuntos do propio interese (p. ex. en relación cunha oferta de traballo ou unha compra pola internet).
6. **Comprender o sentido xeral**, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiás, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.
7. **Comprender sen dificultade a liña argumental** de historias de ficción, relatos, contos ou novelas curtas claramente estruturados, escritos nunha variedade estándar da lingua e nunha linguaxe sinxela, directa e non moi literaria, e facerse unha idea clara do carácter das distintas personaxes e as súas relacións, se están descritas de maneira sinxela e con detalles explícitos suficientes.

## B1

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

1. **Completar un cuestionario con información persoal** breve e sinxela relativa a datos básicos, intereses, afeccións, formación ou experiencia profesional, ou sobre preferencias, gustos ou opinións sobre produtos, servizos, actividades ou procedementos coñecidos ou de carácter cotián.
2. **Escribir, nun formato convencional** e en calquera soporte, un curriculum vitae breve, sinxelo e ben estruturado, no cal se sinalan os aspectos importantes de maneira esquemática e no cal se inclúe a información que se considera relevante en relación co propósito e a persoa destinataria específicos.
3. **Escribir, en calquera soporte, notas**, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.
4. **Tomar notas**, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.
5. **Escribir correspondencia persoal** e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.
6. **Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal** básica e breve dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e se solicita información básica ou se realiza unha xestión sinxela (p. ex. unha reclamación), observando as principais convencións formais e características deste tipo de textos e respectando as normas fundamentais de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.
7. **Escribir informes** moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática



B1

Actividades de mediación

1. **Transmitir oralmente** a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (instrucións ou avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.
2. **Interpretar en situacións cotiás** durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, hóspedes ou anfitrións e anfitriñas, tanto no ámbito persoal como público (mentres se viaxa, en hoteis ou restaurantes, en eidos de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.
3. **Interpretar durante intercambios simples**, habituais e ben estruturados, de carácter meramente factual, en situacións formais (p. ex. durante unha entrevista de traballo breve e sinxela), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite, e que as persoas participantes falen amodo, articulen con claridade e fagan pausas frecuentes para facilitar a interpretación.
4. **Mediar en situacións cotiás** e menos habituais (unha visita médica, xestións administrativas sinxelas, un problema doméstico...), escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.
5. **Tomar notas breves** para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.
6. **Tomar notas breves** para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.
7. **Resumir breves fragmentos** de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.
8. **Transmitir por escrito a idea xeral**, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (instrucións, noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

### Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

#### Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

B1

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, lecer, festividade, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimoniais, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

## Competencia e contidos estratéxicos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

## B1

### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (p. ex. presentación ou transacción).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente -xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica- ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais...).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes...).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (escribir unha nota, un correo electrónico...).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

## Competencia e contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

B1

### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, na lingua oral:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvida, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Realización das funcións comunicativas do apartado anterior mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Recoñecemento das mesmas funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos.

### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Realización das mesmas funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos.

## Competencia e contidos discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

B1

### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua oral monolóxica e dialóxica:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. conversa > conversa formal), a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns arriba indicados propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos.

### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns arriba indicados propios da lingua escrita.

### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua escrita arriba indicados á produción e coprodución do texto.

### Competencia e contidos sintácticos.

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

B1

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
  - o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
  - o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
  - o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
  - a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
  - o modo;
  - estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estructuras oracionais e orde dos seus constituíntes);
  - a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar o que arriba se indica.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar o que arriba se indica.

#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar o que arriba se indica.

### Competencia e contidos léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

B1

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Comprensión de léxico oral de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amigos; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento, selección e uso de léxico escrito de uso común relativo aos temas que se especifican arriba.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprensión de léxico escrito de uso común relativo aos temas que se especifican arriba.

#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Coñecemento, selección e uso de léxico escrito de uso común relativo aos temas que se especifican arriba.

### Competencia e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas, de uso común.

#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas fundamentais.

#### Criterios de avaliación

	B1
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Coñece e aplica</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.</p> <p><b>Distingue a función</b> ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.</p> <p><b>Aplica</b> á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.</p> <p><b>Recoñece</b> sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.</p>
	B1
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Aplica</b> á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar</b> adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p><b>Leva a cabo</b> as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, repetición léxica, elipse, déixe persoal, espacial e temporal, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e cotiáns, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.</p>

B1	
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Coñece e aplica</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.</p> <p><b>Distingue</b> a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Coñece</b> os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.</p> <p><b>Comprende</b> léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Aplica</b> á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar</b> estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.</p> <p><b>Leva a cabo</b> as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Amosa un control razoable</b> de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.</p> <p><b>Coñece e utiliza</b> un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.</p> <p><b>Utiliza</b>, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p>

B1

Actividades de mediación

**Coñece** os aspectos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e as diferenzas e semellanzas máis significativas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.

**Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

**Interpreta**, polo xeral correctamente, as claves de comportamento e comunicativas explícitas que observa nos/as emisoras/as ou destinatarios/as para acomodar o seu discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de maneira fluída.

**Pode facilitar** a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

**Toma notas** coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.

**Repite ou reformula** o que se dixo de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.

**Fai preguntas simples** pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.



## Mínimos esixibles

	B1
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Coñece e aplica de xeito aceptable</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar algunhas estratexias adecuadas</b> en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.</p> <p><b>Distingue a función comunicativa</b> máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como algúns patróns discursivos básicos relativos á organización textual.</p> <p><b>Aplica</b> á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.</p> <p><b>Recoñece con algunha dificultade</b> léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Discrimina a maior parte dos</b> patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles..</p>
	B1
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Aplica</b> á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar varias</b> estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p><b>Leva a cabo a maior parte das funcións principais</b> que require o propósito comunicativo, utilizando algúns expoñentes habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal sinxela.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e cotiáns, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira bastante clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.</p>



B1

Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Coñece e aplica</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar</b> algunhas estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.</p> <p><b>Distingue</b> a función máis relevante do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso máis frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Coñece a maior parte</b> dos constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.</p> <p><b>Comprende</b> léxico escrito de uso moi frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgúns palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Aplica</b> á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando con propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar algunhas</b> estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.</p> <p><b>Leva a cabo</b> amaior parte das funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Amosa un control aceptable</b> de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega algúns mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.</p> <p><b>Coñece e utiliza</b> un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.</p> <p><b>Utiliza</b>, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p>
Actividades de mediación	<p><b>Coñece</b> aspectos xerais das comunidades de falantes e algunhas diferenzas e semellanzas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.</p> <p><b>Identifica</b>, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir.</p> <p><b>Interpreta</b>, polo xeral correctamente, as claves comunicativas explícitas que observa nos/as destinatarios/as ou emisores/as para acomodar o discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non o faga de maneira fluída.</p> <p><b>Pode facilitar</b> a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.</p> <p><b>Toma notas</b> coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.</p> <p><b>Repite ou reformula</b> o que se dixo de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.</p> <p><b>Fai preguntas simples</b> pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder</p>

transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

## B1.1

### Temporalización

Este ano académico haberá dous grupos de B1.1, un pola mañá e outro pola tarde. O grupo da mañá é presencial e consta de 120 horas anuais, repartidas en dúas sesións de dúas horas semanais na aula. O grupo da tarde é semipresencial e consta de 120 horas anuais repartidas proporcionalmente na aula presencial e na aula virtual. Tanto para o grupo presencial coma para o semipresencial, o curso está dividido en 12 módulos que se traballarán de xeito paralelo na aula virtual e na aula presencial. O traballo na aula virtual está deseñado para que o alumnado traballe de xeito individual, en pequenos grupos e nun grupo grande, de forma que a presenza social e o sentimento de comunidade se traballe en ambas modalidades de ensino.

Os doce módulos correspóndense coas doce unidades didácticas que se describen a continuación. Na temporalización tamén se ten en conta a progresión da aprendizaxe, así as unidades con contidos máis complexos contan con máis tempo cás que son de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos esixentes.

Unidade		Tarefa / Produto final	Mes Sesións / Horas
U0	<b>Benvidos ao B1</b>	Actividades para coñecerse e crear espírito de grupo. Coñecemento do curso virtual e métodos de traballo.	<b>13 setembro</b> 1 sesión 2 horas
U1	<b>Amizades e familia, perto e lonxe</b>	1. Minidebate sobre relacións a distancia 2. Tarefa final: Ratgeber für die erfolgreiche Fernbeziehung - Tipps und Fehler	<b>Setembro</b> 5 sesións 10 horas
U2	<b>A vivenda e a veciñanza.</b>	1.1. Descrición do que é importante para ti nunha vivenda e na contorna. (Foro) 1.2. Tarefa final: as parellas escribirán un artigo colaborativo en que describan a súa vivenda e o estilo de vida da contorna que escolleron para vivir. (Wiki)	<b>Outubro</b> 5 sesións 10 horas
U3	<b>Colorido e san</b>	Creación dun libro de receitas sostibles e saudables. Preparación dun almuerzo, xantar ou merenda para a xente da clase (nachhaltig und gesund)	<b>Outubro / Novembro</b> 5 sesións 10 horas
U4	<b>Dar e tomar</b>	taboleiro de anuncios (taboleiro moodle) de intercambio de bens e servizos dentro dunha comunidade (p.ex. veciñanza).	<b>Novembro</b> 5 sesións 10 horas
U5	<b>Viaxar e coñecer</b>	Poñerse de acordo para realizar unha viaxe de estudos a Alemaña e elaborar unha proposta para presentar aos compañeiros.	<b>Decembro</b> 5 sesións 10 horas
U6	<b>Sáímos á escena</b>	Entrevista a unha persoa que se dedique á música para publicar nun podcast da ala virtual. Artigo para a revista da escola/ aula virtual.	<b>Decembro / Xaneiro</b> 5 sesións 10 horas
U7	<b>Imos de festa</b>	Presentación das festas do lugar de onde reside ou dunha localidade de fala alemá tras correspondente investigación guiada acompañadas dun cartaz informativo → difusión na radio da escola de existir	<b>Xaneiro</b> 5 sesións 10 horas

<b>U8</b>	<b>Bio ou sostible? Movémonos en areas movedizas</b>	Decálogo de medidas imprescindibles para a mellora medioambiental dende o fogar Tarefa final: mapa de verquidos / delitos medioambientais na contorna / nunha contorna específica nun país DACH (Wiki+Mapa)	<b>Febreiro</b> 5 sesións 10 horas
<b>U9</b>	<b>O traballo é o sal da vida</b>	O alumnado elaborará un decálogo con normas para manter aos traballadores dunha empresa felices.	<b>Febreiro – Marzo</b> 5 sesións 10 horas
<b>U10</b>	<b>Á escola</b>	O meu primeiro día de clase. Os alumnos deberán elaborar un pequeno relato sobre o seu primeiro día de clase, a poder ser humorístico e ilustrado con imaxes.	<b>Marzo</b> 5 sesións 10 horas
<b>U11</b>	<b>A saúde</b>	Os alumnos informaranse en Internet e elaborarán un folleto informativo con consellos a seguir antes de unha operación. Participación nun foro de autoaxuda para persoas doentes.	<b>Abril</b> 5 sesións 10 horas
<b>U12</b>	<b>A boa información</b>	Elaborarán un boletín informativo da actualidade e tamén das novidades na Escola.	<b>Abril / Maio</b> 5 sesións 10 horas

**UNIDADE DIDÁCTICA 1: AMIZADES E FAMILIA, PERTO E LONXE**

**Tarefa final: Ratgeber für die erfolgreiche Fernbeziehung - Tipps und Fehler**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Setembro 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal sobre temas de relacións persoais.	
	PCOM	<b>Facer declaracións</b> públicas breves e ensaiadas, sobre describindo unha persoa ou as relacións cunha persoa, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros. <b>Participar</b> con eficacia en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal e de relacións persoais	
	CTE	<b>Entender información</b> específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas de descrições e relacións persoais, sempre que se poidan releer as seccións difíciles. <b>Comprender</b> notas e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, en que se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas e se expresan de maneira sinxela sentimentos.	
	PCEM	<b>Escribir informes</b> moi breves en formato convencional, facendo unha descripción simple de persoas, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática. <b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, nos cales se describen, con certo detalle, persoas e sentimentos.	
	MED	<b>Tomar notas</b> breves para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre relacións persoais.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación ás diferentes actividades de lingua dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos ás relacións interpersoais: familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas.	<b>de aprendizaxe:</b> <b>Planificar</b> a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo. <b>de comunicación:</b> <b>Activar e procurar</b> coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc. <b>Establecer</b> hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...)	Descrivir persoas desde o punto de vista físico, do carácter e do estado de ánimo. Presentarse e presentar a outra persoa. Referir informacións formuladas por outras persoas. Resumir un texto. Relatar accións e circunstancias pasadas e expresar sentimentos ao respecto. Falar e opinar de relacións a distancia ou non: vantaxes e desvantaxes
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).	O réxime preposicional: Verbos de uso frecuente con preposicións. O pronome preposicional wo(r)- / da(r)- + preposición para referirmos a cousas. Preposición + pronome interrogativo ou pronome persoal.	Relacións persoais e sociais. Relacións de parella e de amizade. Tipos de carácter.
<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			

Os fonemas que presentan maior dificultade: A acentuación das palabras e a entoación na frase.

## UNIDADE DIDÁCTICA 2: A VIVENDA E A VECIÑANZA.

**Tarefa final: artigo colaborativo en que describan a súa vivenda e o estilo de vida da contorna que escolleron para vivir.**

NIVEL	Intermedio B1.1		Outubro 5 sesións – 10 horas	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.		Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABAJO
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións sobre a vivenda e a contorna, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.		
	PCOM	<b>Desenvolverse en transaccións</b> comúns da vida cotiá como buscar aloxamento, así como explicar o motivo dun problema intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, proponendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda a busca de piso ou de compañeiras de piso.		
	CTE	<b>Localizar</b> con facilidade e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada coa vivenda e a contorna.		
	PCEM	<b>Escribir informes</b> moi breves en formato convencional, con información a vivenda e a contorna, facendo unha descrición simple de lugares, desexos e aspiracións.		
	MED	<b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa a vivenda e a contorna e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.		
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>		<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Identificación dos elementos socioculturais propios presentes nas distintas situacións comunicativas: condicións de vivenda, e acontorna.		Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; selección de patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos. Reaxustar a tarefa (unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.	Propoñer, aceptar e rexeitar persoas candidatas para compartir piso. Describir unha vivenda e a súa contorna. Solicitar información sobre servizos. Expresar a necesidade ou o desexo de seguir un estilo de vida. Expresar gustos, afeccións e teimas. Pedir e ofrecer consellos sobre as distintas posibilidades de vivenda. Dar e pedir información con distintos graos de seguridade.
	<b>IV- Discursivos</b>		<b>Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Organización e estruturación do texto segundo a función textual.		A composición do substantivo. O verbo: O modo Konjunktiv O valor modal do verbo brauchen: nicht/nur brauchen...zu. Posición e concordancia dos elementos da oración.	<b>Vivenda, fogar e contorna:</b> Tipos de vivenda. Compra e alugueiro. Mudanza e instalación. Equipamento e decoración
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			
A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas. A adecuación da entoación ás intencións comunicativas.				

### UNIDADE DIDÁCTICA 3: COLORIDO E SAN

**Tarefas finais: Creación dun libro de receitas sostibles e saudables.  
Preparación dun almorzo, xantar ou merenda para a xente da clase (nachhaltig und gesund)**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Outubro / Novembro 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas a receitas de cociña ou hábitos alimentarios.	
	PCOM	<b>Desenvolverse</b> en transaccións comúns da vida cotiá como organizar unha comidas e a comprapara o grupo da clase, intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.	
	CTE	<b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito sobre temas de alimentación sá.	
	PCEM	<b>Escribir</b> , en soporte informático, un libro de receitas, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e da netiqueta.	
	MED	<b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante dun vídeo, coa fin de realizar preguntas sobre a información detallada.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Identificación dos elementos socioculturais que poden levar a malentendidos.  Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada.  Identificación e comparación de produtos de consumo propios da comunidade na que se enmarca a lingua de estudo.	Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.	Propoñer, aceptar, rexeitar propostas sobre comida.  Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos sobre hábitos alimentarios.  Expresar a propia opinión e os gustos.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintáxicos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Organización e estruturación do texto segundo o xénero (receita) e a función textual (exposición e instrucional)	Flexión do xénero e número do adxectivo: A declinación do adxectivo según a ausencia de determinantes.  A oración composta subordinada concesiva: Obwohl.  Introdución á pasiva. Forma do presente.	Alimentación: Dieta, nutrición e gastronomía.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Endurecemento das oclusivas en posición final			

## UNIDADE DIDÁCTICA 4: DAR E TOMAR

**Tarefas finais: taboleiro de anuncios (taboleiro moodle) de intercambio de bens e servizos dentro da aula**

NIVEL	Intermedio B1.1	Novembro 5 sesións – 10 horas	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABALLO
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<p><b>Comprender</b> as ideas principais dunha entrevista ou conversa articulada con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas xerais dun programa de televisión de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.</p>	
	PCOM	<p><b>Dar</b> información sobre a identificación e a caracterización persoal. Contar un suceso ocasionado por un malentendido.</p> <p><b>Facer</b> breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.</p> <p><b>Intervir</b> en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.</p>	
	CTE	<p><b>Comprender</b> noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas relativos a homes e mulleres.</p> <p><b>Comprender</b> mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.</p>	
	PECM	<p><b>Escribir</b> notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.</p> <p><b>Redactar</b> resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.</p>	
	MED	<p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante dun vídeo, coa fin de realizar preguntas sobre a información detallada.</p>	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación de convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).	Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.	Expresión e comprensión da opinión. Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
	O intercambio de servizos como método de pago en vez do consumo.	Adequar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Organización e estruturación do texto segundo o xénero (anuncios) e a función textual (ofrecemento e aceptación)	A oración de infinitivo. Infinitiv+zu As preposicións für, über e von ...ab con valor temporal.	Recoñecemento, coñecemento, selección e uso de léxico de temas de bens e servizos.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
A utilización das emocións para practicar entonación.			



## UNIDADE DIDÁCTICA 5: VIAXAR E COÑECER

**Tarefa final: Poñerse de acordo para realizar unha viaxe de estudos a Alemaña e elaborar unha proposta para presentar á clase.**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1		Decembro 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.		Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan indicacións ou outra información, transmitidas por medios técnicos, relativas á realización das viaxes. <b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sobre as viaxes.		
	PCOM	<b>Desenvolverse</b> en transaccións comúns da vida cotiá como son as viaxes intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista.		
	CTE	<b>Localizar</b> con facilidade e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, tipo de viaxeiro nun test en Internet.		
	PCEM	<b>Escribir</b> , en calquera soporte, un documento conxunto básico e breve en que se planifica unha viaxe observando as principais convencións formais e características dunha wiki e respectando as normas fundamentais da netiqueta.		
	MED	<b>Fai preguntas</b> simples pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.		
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	
	Coñecemento e aplicación á comprensión, produción e coprodución de textos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos ao ocio, e ás relacións interpersoais para chegar a acordos.	Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Expresar a mensaxe con claridade axustándose ao modelo de planificación dunha viaxe.	Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese. Descrición de lugares e actividades. Expresión do desexo, da intención e da vontade.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>	
	Recoñecemento, coñecemento o selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos	O verbo: Os distintos usos do verbo werden + Infinitivo. A oración composta: A oración subordinada de relativo. Os pronomes de relativo: der, die, das, wo e was..	Viaxes e transportes: Planificación dunha viaxe, excursión. Experiencias persoais. Problemas e incidencias.	
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			
Pronunciación e ortografía das palabras compostas				



## UNIDADE DIDÁCTICA 6: SAÍMOS Á ESCENA

**Tarefas finais: Entrevista a unha persoa que se dedique á música para publicar nun podcast da ala virtual.  
Artigo para a revista da escola/ aula virtual**

NIVEL	Intermedio B1.1	Decembro – Xaneiro 5 sesións – 10 horas	TEMPORALIZACIÓN	
RECURSOS DIDÁCTICOS	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABALLO	
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<p><b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal.</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou entrevistas sobre a música sempre que o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p>		
	PCOM	<p><b>Tomar a iniciativa</b> en entrevistas (p. ex. sobre temas musicais), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.</p> <p><b>Participar</b> con eficacia en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre afeccións, en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas.</p>		
	CTE	<p><b>Entender</b> información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados sobre a música e outras actividades culturais.</p>		
	PCEM	<p><b>Escribir correspondencia</b> persoal e participar en chats, foros e blogs, sobre os intereses musicais propios, e nos cales se pide ou se transmite información.</p> <p><b>Tomar notas</b>, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas,</p>		
	MED	<p><b>Resumir</b> breves fragmentos de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.</p>		
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>		<b>II- Estratéxicos</b>	
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos culturais e manifestacións artísticas.		Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).	
	<b>IV- Discursivos</b>		<b>V- Sintácticos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	A entrevista e o artigo periodístico: Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos e ortográficos.		Expresión da negación: <i>nichts, nie, niemals, niemand, nirgends, nirgendwo</i> . Conxuncións causais: <i>denn, weil, da, darum, deswegen, daher, deshalb, aus diesem Grund, nämlich</i> . Conxuncións coordinantes e subordinantes concesivas: <i>obwohl, trotzdem. (trotz, preposición)</i>	Petición e ofrecemento de información. Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese. Describir persoas coñecidas do mundo artístico, obxectos e aparellos relacionados coas distintas manifestacións artísticas e as distintas manifestacións artísticas.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		<b>VI- Léxicos</b>	
O uso especial de maiúsculas e minúsculas. Anglicismos no eido cultural.		A música nas relacións humanas e sociais; como traballo ou ocupación; estudo e ocio		

## UNIDADE DIDÁCTICA 7: IMOS DE FESTA

**Tarefas finais: Presentación das festas do lugar de onde reside ou dunha localidade de fala alemá tras correspondente investigación guiada acompañadas dun cartaz informativo → difusión na radio da escola.**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Xaneiro 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan as festas e celebracións tradicionais, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.	
	PCOM	<b>Facer presentacións</b> preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre as festas tradicionais, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo	
	CTE	<b>Comprender</b> con suficiente detalle, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade.	
	PCEM	<b>Escribir</b> , en calquera soporte, notas, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, como anunciar unha festa.	
	MED	<b>Mediar en situacións cotiás</b> como unha festa, escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles actuacións.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á cultura, costumes e valores (tradições, celebracións)	Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle (a radio), aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.	Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Pedir e dar información dun evento. Coñecemento, opinións e valoracións: Expresar a necesidade ou desexo de facer algo ou de que suceda algo; Expresar gustos e afeccións.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	A radio: Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).	O verbo: Verbos mais frecuentes con preposición. Gramática textual. Procedementos de organización estrutural de textos orais e escritos.	Tempo libre e actualidade: Actividades de lecer e culturais. Vida cotiá.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
A entoación dos distintos tipos de oración de textos orais e escritos.			

## UNIDADE DIDÁCTICA 8: BIO OU SOSTIBLE? MOVÉMONOS EN AREAS MOVEDIZAS

**Tarefas finais: Decálogo de medidas imprescindibles para a mellora medioambiental dende o fogar**  
**Mapa de verquidos / delitos medioambientais na contorna / nunha contorna específica nun país DACH (Wiki+Mapa)**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Febreiro 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> nunha conversa formal en que se participa, no ámbito académico, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles. O tema: que fas ti pola sostibilidade.	
	PCOM	<b>Participar</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles, sobre a sostibiliade que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.	
	CTE	<b>Comprender</b> o sentido xeral, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre este tema e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada..	
	PCEM	<b>Escribir</b> informes moi breves en formato convencional, con información sobre o tema da sotibilidade, facendo unha descrición simple de medidas a tomar e narrar os principais acontecementos de forma esquemática.	
	MED	<b>Identifica</b> , aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación a todas as actividades de lingua dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos aos costumes e hábitos sostibles na vida cotiá: os hortos urbáns	Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...). Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...	Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos. Formulación de consellos e suxestións. Descrición de calidades físicas e valorativas de lugares e actividades.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	O decálogo (texto instrucional) e o mapa (descritivo): Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos	O modo. Expresión de desexo, recomendación e condición: Würde + gern + Infinitivo Hätte gern e wäre gern Oración composta subordinada condicional: Conxunción subordinante condicional wenn.	Clima e contorna natural: o que se pode facer pola sostibilidade do medio.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
	O “Umlaut”.		

## UNIDADE DIDÁCTICA 9: O TRABALLO É O SAL DA VIDA

**Tarefas finais: O alumnado elaborará un podcast con normas para manter aos traballadores dunha empresa felices..  
Escribirle un e-mail ao xefe/-a pedindo unha mellora laboral, posibilidade de adaptalo ao ámbito escolar, x.ex. facendo unha petición ao consello escolar ou semellante.**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Febreiro – Marzo 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> o sentido xera l, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.	
	PCOM	<b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles no ámbito ocupacional, sobre temas que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou se solucionan problemas prácticos. <b>Facer declaracións</b> públicas breves e ensaiadas (podcast).	
	CTE	<b>Comprender</b> información relevante en correspondencia formal de empresas en que se informa de asuntos do propio interese (p. ex. en relación cun problema no traballo).	
	PCEM	<b>Escribir</b> , en calquera soporte, correspondencia formal básica e breve dirixida a empresas, en que se dá e se solicita información básica ou se realiza unha xestión sinxela (p. ex. unha queixa), observando as principais convencións formais e características deste tipo de textos e respectando as normas fundamentais de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.	
	MED	<b>Mediar en situacións cotiás</b> no traballo para solucionar problemas sinxelos, escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles actuacións.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á cultura, costumes e valores (tradicións, celebracións)	Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida. Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle (correo electrónico de traballo), aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.	Facer propostas (educadamente) e reaccionar a elas. Control da comunicación Referir informacións, propostas e peticións laborais formuladas por outras persoas. Dar e pedir información sobre vantaxes e desvantaxes de distintas profesións. Explicar de xeito sinxelo un problema laboral / conflito laboral Dar e pedir información sobre o lugar de traballo e a satisfacción laboral
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Correspondencia formal: escribir un e-mail de traballo Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).	Flexión do substantivo: N-Deklinación. O modo: o Konjunktiv (subxuntivo) dos verbos modais	Vida cotiá: Traballo e ocupacións. Tarefas que se desenvolven no traballo. Condicións laborais, seguridade e riscos laborais. O estrés laboral.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
A fluidez na fala			

**UNIDADE DIDÁCTICA 10: Á ESCOLA**

**Tarefa final: O meu primeiro día de clase. O alumnado deberá elaborar un pequeno relato sobre o seu primeiro día de clase, a poder ser humorístico e ilustrado con imaxes.**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Marzo 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> , nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre a escola, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.	
	PCOM	<b>Participar</b> con eficacia en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns da escola, en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias.	
	CTE	<b>Comprender</b> sen dificultade a liña argumental de historias de ficción, relatos, contos ou novelas curtas claramente estruturados, escritos nunha variedade estándar da lingua e nunha linguaxe sinxela, directa e non moi literaria, e facerse unha idea clara do carácter das distintas personaxes e as súas relacións, se están descritas de maneira sinxela e con detalles explícitos suficientes.	
	PCEM	<b>Escribir</b> informes moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, no ámbito educativo, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.	
	MED	<b>Transmitir</b> oralmente a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa ao ámbito escolar.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá, costumes e valores (hábitos de estudo, horarios...)	Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar déicticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente -xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica- ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).	Dar e pedir información sobre a formación dunha persoa e sobre o sistema educativo alemán. Describir as preferencias á hora de estudar. Relatar a propia época escolar. Solicitar información sobre servizos no cole. Coñecemento, opinións e valoracións: Expresar a necesidade ou desexo de facer unha determinada actividade nas vacacións ou de estudar algo novo. Expresar desexos para a escola do futuro.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	A narración: Organización e estruturación do texto segundo o xénero; a e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais).	O modo: o Konjunktiv II Wäre, wüsste, hätte e könnte. A oración composta: A oración subordinada de relativo. O Präteritum	Educación: O sistema educativo alemán. Asignaturas. Profesións na escola. Vías de formación. Lugares de estudo.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Os fonemas a-ä, o-ö,u-ü. Diferenzas//lonxitude. Repaso.			

## UNIDADE DIDÁCTICA 11: A SAÚDE

**Tarefa final: O alumnado informarase en Internet e elaborará un folleto informativo con consellos a seguir antes de unha operación. Participación nun foro de autoaxuda para persoas doentes.**

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.1	Abril 5 sesións – 10 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao funcionamento dun hospital, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos da saúde.	
	PCOM	<b>Facer declaracións</b> públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do ámbito da autoaxuda, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.	
	CTE	<b>Comprender</b> o sentido xeral, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre a saúde, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.	
	PECM	<b>Escribir</b> informes moi breves en formato convencional, con información sobre un tema do ámbito da saúde, unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.	
	MED	<b>Mediar en situacións cotiás</b> e menos habituais como unha visita médica.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos ás convencións sociais no ámbito da saúde.	Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.	Dar e pedir información sobre unha estancia no hospital. Orientarse nun hospital. Falar dos efectos terapéuticos que teñen as mascotas nos pacientes. Relatar unha hospitalización sufrida. Expresar sensacións e percepcións: medo, angustia... Explicar un síntoma dunha enfermidade. Pedir e ofrecer consellos e recomendacións.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	Folleto informativo: Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).	A voz pasiva de presente werden + Partizip II A voz pasiva de presente con verbos modais: Dürfen/müssen + Partizip II + werden. O verbo lassen + Infinitiv (= permitir). Repaso do imperativo	Saúde e coidados físicos: Hospitalización. Coidados físicos. Mascotas.
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Repaso dos fonemas: -z, -ts e -tj			



## UNIDADE DIDÁCTICA 12: A BOA INFORMACIÓN

**Tarefa final: Elaborarán un boletín informativo da actualidade e tamén das novidades na escola.**

NIVEL	Intermedio B1.1	Abril / Maio 5 sesións – 10 horas	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Aula virtual e tarefas variadas para a aula presencial. Materiais extraídos de Internet.	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABALLO
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas de actualidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.	
	PCOM	<b>Facer</b> declaracións públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.	
	CTE	<b>Localizar</b> con facilidade e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).	
	PECM	<b>Escribir</b> informes moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.	
	MED	<b>Tomar notas</b> coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á xestión da información nos países e fala alemá.	Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (escribir unha nota, un correo electrónico...).	Comprender un artigo periodístico e resumilo. Describir os distintos medios de comunicación, de antes e de agora. Dar e pedir información sobre sucesos pasados. Describir unha gráfica sobre uso dos medios de comunicación. Falar dos costumes radiofónicos das persoas.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	O artigo periodístico: Utilizar as convencións propias dos textos periodísticos.	O modo indicativo: O pretérito. A oración composta: Oración subordinada temporal bevor e seit(dem)..	Os medios de comunicación. Prensa escrita e as súas rúbricas, televisión, radio, Internet, public viewing ...
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Repaso dos fonemas r/R e -er.			

## B1.2

### Obxectivos xerais

O alumnado que supere o **nivel intermedio B1** poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

Dentro deste nivel a EOI de Lugo eliminará as imaxes estereotipadas de homes e mulleres e substituíraas por outras que fomenten a igualdade.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

### B1

**Comprender** o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas dos/as falantes en textos orais breves ou de extensión media, ben estruturados, claramente articulados a velocidade lenta ou media e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos nunha variedade estándar da lingua, que traten de asuntos cotiás ou coñecidos, ou sobre temas xerais, ou de actualidade, relacionados coas súas experiencias e cos seus intereses, e sempre que as condicións acústicas sexan boas, se poida volver escoitar o que se dixo e se poidan confirmar algúns detalles.

**Producir e coproducir**, tanto en comunicación cara a cara como a través de medios técnicos, textos orais breves ou de media extensión, ben organizados e adecuados ao contexto, sobre asuntos cotiás, de carácter habitual ou de interese persoal, e desenvolverse cunha corrección e fluidez suficientes para manter a liña do discurso, cunha pronuncia claramente intelixible, aínda que ás veces resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas para realizar unha planificación sintáctica e léxica, ou reformular o que se dixo, ou corrixir erros cando a persoa interlocutora indica que hai un problema, e sexa necesaria certa cooperación desta para manter a interacción.

**Comprender** o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as opinións e actitudes explícitas do autor ou da autora en textos escritos breves ou de media extensión, claros e ben organizados, en lingua estándar e sobre asuntos cotiás, aspectos concretos de temas xerais, de carácter habitual, de actualidade ou de interese persoal.

**Producir e coproducir**, independentemente do soporte, textos escritos breves ou de extensión media, sinxelos e claramente organizados, adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación e propósito comunicativo), sobre asuntos cotiás, de carácter habitual ou de interese persoal, utilizando con razoable corrección un repertorio léxico e estrutural habitual relacionado coas situacións máis predicibles e os recursos básicos de cohesión textual, e respectando as convencións ortográficas e de puntuación fundamentais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas en situacións de carácter habitual nas cales se producen sinxelos intercambios de información relacionados con asuntos cotiás ou de interese persoal.



## Obxectivos específicos

B1	
Actividades de comprensión de textos orais	<ol style="list-style-type: none"><li>11. <b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, á realización de actividades cotiás, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.</li><li>12. <b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).</li><li>13. <b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.</li><li>14. <b>Entender</b>, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (p. ex. no caso dunha reclamación), sempre que se poida pedir confirmación sobre algúns detalles.</li><li>15. <b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</li><li>16. <b>Comprender</b>, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descricións e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.</li><li>17. <b>Identificar</b> os puntos principais e os detalles relevantes dunha conversa formal ou dun debate que se presencia, breve ou de duración media, e entre dúas ou máis persoas interlocutoras, sobre temas xerais, coñecidos, de actualidade ou do propio interese, sempre que as condicións acústicas sexan boas, que o discurso estea ben estruturado e articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar, e que non se faga un uso moi idiomático ou especializado da lingua.</li><li>18. <b>Comprender</b>, nunha conversa formal en que se participa, no ámbito público, académico ou ocupacional, e independentemente da canle, gran parte do que se di sobre actividades e procedementos cotiás, e menos habituais se está relacionado co propio campo de especialización, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.</li><li>19. <b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiás, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.</li><li>20. <b>Comprender</b> moitas películas, series e programas de entretemento que se articulan con claridade e nunha linguaxe sinxela, nunha variedade estándar da lingua, e nos cales os elementos visuais e a acción conducen gran parte do argumento.</li></ol>

B1

Actividades de produción e coprodución de textos orais

7. **Facer declaracións** públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.
8. **Facer presentacións** preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre un tema xeral ou do propio interese ou especialidade, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.
9. **Desenvolverse en transaccións** comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. para facer unha reclamación ou realizar unha xestión administrativa de rutina), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.
10. **Participar con eficacia** en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, afeccións, traballo, viaxes, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as propias reaccións; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.
11. **Tomar a iniciativa** en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.
12. **Tomar parte** en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.

B1

Actividades de comprensión de textos escritos

8. **Comprender con suficiente detalle**, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa ao funcionamento de aparellos ou dispositivos de uso frecuente, a realización de actividades cotiás ou o seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.
9. **Localizar con facilidade** e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).
10. **Entender** información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas xerais de interese persoal, académico ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.
11. **Comprender notas** e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan instrucións ou indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas, acontecementos, obxectos e lugares; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.
12. **Comprender información** relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como centros de estudos, empresas ou compañías de servizos en que se informa de asuntos do propio interese (p. ex. en relación cunha oferta de traballo ou unha compra pola internet).
13. **Comprender o sentido xeral**, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiás, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.
14. **Comprender sen dificultade a liña argumental** de historias de ficción, relatos, contos ou novelas curtas claramente estruturados, escritos nunha variedade estándar da lingua e nunha linguaxe sinxela, directa e non moi literaria, e facerse unha idea clara do carácter das distintas personaxes e as súas relacións, se están descritas de maneira sinxela e con detalles explícitos suficientes.

B1

Actividades de produción e coprodución de textos escritos

8. **Completar un cuestionario con información persoal** breve e sinxela relativa a datos básicos, intereses, afeccións, formación ou experiencia profesional, ou sobre preferencias, gustos ou opinións sobre produtos, servizos, actividades ou procedementos coñecidos ou de carácter cotián.
9. **Escribir, nun formato convencional** e en calquera soporte, un curriculum vitae breve, sinxelo e ben estruturado, no cal se sinalan os aspectos importantes de maneira esquemática e no cal se inclúe a información que se considera relevante en relación co propósito e a persoa destinataria específicos.
10. **Escribir, en calquera soporte, notas**, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.
11. **Tomar notas**, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.
12. **Escribir correspondencia persoal** e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.
13. **Escribir, en calquera soporte, correspondencia formal** básica e breve dirixida a institucións públicas ou privadas e a empresas, en que se dá e se solicita información básica ou se realiza unha xestión sinxela (p. ex. unha reclamación), observando as principais convencións formais e características deste tipo de textos e respectando as normas fundamentais de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.
14. **Escribir informes** moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática

B1

Actividades de mediación

9. **Transmitir oralmente** a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (instrucións ou avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.
10. **Interpretar en situacións cotiás** durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, hóspedes ou anfitrións e anfitriñas, tanto no ámbito persoal como público (mentres se viaxa, en hoteis ou restaurantes, en eidos de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.
11. **Interpretar durante intercambios simples**, habituais e ben estruturados, de carácter meramente factual, en situacións formais (p. ex. durante unha entrevista de traballo breve e sinxela), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite, e que as persoas participantes falen amodo, articulen con claridade e fagan pausas frecuentes para facilitar a interpretación.
12. **Mediar en situacións cotiás** e menos habituais (unha visita médica, xestións administrativas sinxelas, un problema doméstico...), escoitando e comprendendo os aspectos principais, transmitindo a información esencial e dando e pedindo opinión e suxestións sobre posibles solucións ou vías de actuación.
13. **Tomar notas breves** para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.
14. **Tomar notas breves** para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.
15. **Resumir breves fragmentos** de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.
16. **Transmitir por escrito a idea xeral**, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (instrucións, noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.

### Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

#### Competencia e contidos socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

B1

Coñecemento e aplicación á comprensión do texto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (actividades diarias, hábitos de estudo e de traballo, lecer, festividade, horarios); condicións de vida (vivenda, contorna, estrutura social); relacións interpersoais (familiares, xeracionais, entre persoas coñecidas e descoñecidas); quinésica e proxémica (posturas, xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e físico); cultura, costumes e valores (institucións, tradicións, celebracións, cerimoniais, manifestacións artísticas), e convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social).

## Competencia e contidos estratéxicos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### B1

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos orais:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.
- Comprobación de hipóteses: axuste das claves de inferencia cos esquemas de partida.
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos orais:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (p. ex. presentación ou transacción).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente se quereda expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente -xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica- ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais).
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Coñecemento e uso das estratexias de planificación, execución, control e reparación da comprensión de textos escritos:

- Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.
- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este.
- Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais...).
- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.
- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (soporte, imaxes...).
- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Estratexias de planificación, execución, control e reparación da produción e coprodución de textos escritos:

- Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (escribir unha nota, un correo electrónico...).
- Identificar o baleiro de información e opinión e valorar o que pode darse por suposto.
- Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.
- Adecuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.
- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).
- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda...).
- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.
- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.
- Controlar o efecto e o éxito do discurso mediante a petición e o ofrecemento de aclaración e reparación da comunicación.

## Competencia e contidos funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

B1

### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Comprensión das seguintes funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, na lingua oral:

- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais habituais: presentarse, presentar alguén, saudar, dar a benvinda, despedirse, invitar, aceptar e declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, expresar condolencia, felicitar, interesarse por alguén ou por algo, lamentar, pedir desculpas.
- Descrición de calidades físicas e valorativas de persoas, obxectos, lugares e actividades.
- Narración de acontecementos pasados, descrición de situacións presentes e expresión de sucesos futuros.
- Petición e ofrecemento de información, indicacións, advertencias e avisos.
- Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos.
- Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.
- Expresión da necesidade, do desexo, da intención, da vontade, da promesa, da orde, do permiso e da prohibición.
- Expresión do gusto e da preferencia, do interese e do desinterese, da sorpresa, da admiración, da alegría ou da felicidade, da satisfacción, do aprecio ou da simpatía, da aprobación e da desaprobación, da decepción, do desgusto, da dor, da dúbida, da esperanza, do temor e da tristeza.

### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Realización das funcións comunicativas do apartado anterior mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Recoñecemento das mesmas funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos.

### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Realización das mesmas funcións comunicativas mediante os seus expoñentes máis comúns na lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos.

## Competencia e contidos discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

B1

### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Coñecemento e comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua oral monolóxica e dialóxica:

- Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).
- Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos.
- Organización e estruturación do texto segundo o (macro)xénero (p. ex. conversa > conversa formal), a (macro)función textual (exposición, descrición, narración, exhortación, argumentación) e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais e por referencia ao contexto).

### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns arriba indicados propios da lingua oral á produción de textos monolóxicos e dialóxicos.

### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprensión de modelos contextuais e patróns textuais comúns arriba indicados propios da lingua escrita.

### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Coñecemento e aplicación de modelos contextuais e patróns textuais comúns propios da lingua escrita arriba indicados á produción e coprodución do texto.



### Competencia e contidos sintácticos.

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

B1

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar:

- a entidade e as súas propiedades (in/existencia, calidade (intrínseca e valorativa) e cantidade (número, cantidade e grao);
  - o espazo e as relacións espaciais (localización, posición, movemento, orixe, dirección, destino, distancia e disposición);
  - o tempo (localización temporal absoluta e relativa, duración, frecuencia) e as relacións temporais (secuencia, anterioridade, posterioridade, simultaneidade);
  - o aspecto puntual, perfectivo/imperfectivo, durativo, progresivo, habitual, prospectivo, incoativo, terminativo, iterativo e causativo;
  - a modalidade epistémica (capacidade, necesidade, posibilidade, probabilidade) e deóntica (volición, permiso, obriga, prohibición);
  - o modo;
  - estados, eventos, accións, procesos e realizacións: papeis semánticos e focalización (estructuras oracionais e orde dos seus constituíntes);
  - a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación;
- relacións lóxicas de conxunción, disxunción, oposición, contraste, concesión, comparación, condición, causa, finalidade, resultado e correlación.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua oral, segundo o ámbito e o contexto comunicativos, para expresar o que arriba se indica.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Recoñecemento e comprensión dos significados asociados a estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar o que arriba se indica.

#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Coñecemento, selección segundo a intención comunicativa e uso de estruturas sintácticas sinxelas propias da lingua escrita segundo o ámbito e o contexto comunicativos para expresar o que arriba se indica.

### Competencia e contidos léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

B1

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Comprensión de léxico oral de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amigos; relacións humanas e sociais; traballo e ocupacións; educación e estudo; lingua e comunicación; tempo libre e ocio; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte, bens e servizos; clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Coñecemento, selección e uso de léxico escrito de uso común relativo aos temas que se especifican arriba.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Comprensión de léxico escrito de uso común relativo aos temas que se especifican arriba.

#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Coñecemento, selección e uso de léxico escrito de uso común relativo aos temas que se especifican arriba.

### Competencia e contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos.

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas.

#### 1. Actividades de comprensión de textos orais.

Percepción dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e comprensión dos significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.

#### 2. Actividades de produción e coprodución de textos orais.

Selección, segundo a intención comunicativa, e produción de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común.

#### 3. Actividades de comprensión de textos escritos.

Recoñecemento e comprensión dos significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos, e convencións ortográficas, de uso común.



#### 4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

Selección, segundo a intención comunicativa, e uso dos patróns gráficos e convencións ortográficas fundamentais.

#### Criterios de avaliación

	B1
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Coñece e aplica</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.</p> <p><b>Distingue a función</b> ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como patróns discursivos básicos relativos á organización textual.</p> <p><b>Aplica</b> á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.</p> <p><b>Recoñece</b> sen dificultade léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Discrimina</b> os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles.</p>
	B1
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Aplica</b> á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar</b> adecuadamente as estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p><b>Leva a cabo</b> as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando adecuadamente os expoñentes máis habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, repetición léxica, elipse, déixe persoal, espacial e temporal, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e cotiáns, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.</p>

B1	
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Coñece e aplica</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar</b> as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.</p> <p><b>Distingue</b> a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Coñece</b> os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.</p> <p><b>Comprende</b> léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Aplica</b> á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar</b> estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.</p> <p><b>Leva a cabo</b> as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Amosa un control razoable</b> de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.</p> <p><b>Coñece e utiliza</b> un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiás, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.</p> <p><b>Utiliza</b>, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p>

B1

Actividades de mediación

**Coñece** os aspectos xerais que caracterizan as comunidades de falantes correspondentes e as diferenzas e semellanzas máis significativas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.

**Identifica**, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.

**Interpreta**, polo xeral correctamente, as claves de comportamento e comunicativas explícitas que observa nos/as emissores/as ou destinatarios/as para acomodar o seu discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de maneira fluída.

**Pode facilitar** a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.

**Toma notas** coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.

**Repite ou reformula** o que se dixo de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.

**Fai preguntas simples** pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

## Mínimos esixibles

	B1
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Coñece e aplica de xeito aceptable</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións interpersoais, á quinésica e á proxémica, aos costumes e aos valores, e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar algunhas estratexias adecuadas</b> en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto.</p> <p><b>Distingue a función comunicativa</b> máis relevantes do texto e un repertorio común dos seus expoñentes, así como algúns patróns discursivos básicos relativos á organización textual.</p> <p><b>Aplica</b> á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos de uso frecuente na comunicación oral.</p> <p><b>Recoñece con algunha dificultade</b> léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns, de carácter xeral, ou relacionados cos propios intereses, e pode inferir do contexto e do cotexto, xeralmente de maneira correcta, os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Discrimina a maior parte dos</b> patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e recoñece as intencións comunicativas e os significados xeralmente asociados a eles..</p>
	B1
Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Aplica</b> á produción do texto oral, tanto monolóxico como dialóxico, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando coa debida propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar varias</b> estratexias para producir textos orais breves ou de media extensión, coherentes e de estrutura simple e clara, utilizando unha serie de procedementos sinxelos para adaptar ou reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p><b>Leva a cabo a maior parte das funcións principais</b> que require o propósito comunicativo, utilizando algúns expoñentes habituais das ditas funcións e seguindo os patróns discursivos de uso máis frecuente en cada contexto.</p> <p><b>Manexa</b> un repertorio memorizado de frases e fórmulas para comunicarse cunha fluidez aceptable, con pausas para buscar expresións e organizar ou reestruturar o discurso, ou reformular ou aclarar o que dixo.</p> <p><b>Interactúa</b> de maneira sinxela en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que en ocasións tenda a concentrarse na propia produción dificultando a participación da persoa interlocutora ou amose algún titubeo á hora de intervir cando esta acapara a comunicación.</p> <p><b>Utiliza</b> coa debida corrección e flexibilidade estruturas sintácticas de uso frecuente segundo o contexto comunicativo e emprega, polo xeral adecuadamente, os recursos de cohesión textual máis comúns (entoación, marcadores discursivos e conversacionais e conectores comúns), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal sinxela.</p> <p><b>Coñece</b> e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información relativa a temas coñecidos, xerais, de actualidade ou relacionados cos propios intereses, en situacións habituais e cotiáns, aínda que cometa erros importantes ou teña que adaptar a mensaxe cando as demandas comunicativas son máis complexas ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes en situacións menos correntes, recorrendo neste caso a circunloquios e repeticións.</p> <p><b>Pronuncia e entoa</b> de maneira bastante clara e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia, sempre que non interrompan a comunicación, e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de vez en cando.</p>

B1

Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Coñece e aplica</b> á comprensión do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis comúns relativos á comunicación escrita nas culturas en que se usa o idioma.</p> <p><b>Sabe aplicar</b> algunhas estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais e os detalles máis relevantes do texto, adaptando a este a modalidade e a velocidade de lectura.</p> <p><b>Distingue</b> a función máis relevante do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso máis frecuente relativos á organización, desenvolvemento e conclusión propios do texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Coñece a maior parte</b> dos constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, segundo o xénero e o tipo textual, e comprende as intencións comunicativas xeralmente asociadas a eles.</p> <p><b>Comprende</b> léxico escrito de uso moi frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais, e pode, xeralmente de maneira correcta, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p><b>Recoñece</b> os valores e os significados asociados a convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso común, así como abreviaturas e símbolos de uso frecuente.</p>
Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Aplica</b> á produción e coprodución do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos, actuando con propiedade e respectando as normas de cortesía máis frecuentes nos contextos respectivos e segundo a modalidade discursiva, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p><b>Coñece e sabe aplicar algunhas</b> estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple adaptados a contextos habituais, p. ex. copiando modelos segundo o xénero e o tipo textual, ou facendo un guión ou esquema para organizar a información ou as ideas.</p> <p><b>Leva a cabo</b> amaior parte das funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis habituais das ditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto escrito segundo o seu xénero e tipo.</p> <p><b>Amosa un control aceptable</b> de estruturas sintácticas de uso frecuente e emprega algúns mecanismos simples de cohesión (repetición léxica, xustaposición e conectores básicos), enlazando unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.</p> <p><b>Coñece e utiliza</b> un repertorio léxico escrito de uso frecuente suficiente para comunicar información breve, simple e directa en situacións habituais e cotiáns, aínda que en situacións menos correntes e sobre temas menos coñecidos teña que adaptar a mensaxe.</p> <p><b>Utiliza</b>, de maneira adecuada para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (punto, coma...) e as regras ortográficas básicas (uso de maiúsculas e minúsculas...), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p>
Actividades de mediación	<p><b>Coñece</b> aspectos xerais das comunidades de falantes e algunhas diferenzas e semellanzas que existen entre os costumes, os usos, as actitudes, as relacións e os valores que prevalecen nunhas e noutras, e é capaz de actuar en consecuencia sen cometer incorreccións serias no seu comportamento, aínda que é posible que en ocasións recorra ao estereotipo.</p> <p><b>Identifica</b>, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir.</p> <p><b>Interpreta</b>, polo xeral correctamente, as claves comunicativas explícitas que observa nos/as destinatarios/as ou emisores/as para acomodar o discurso ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non o faga de maneira fluída.</p> <p><b>Pode facilitar</b> a comprensión das persoas participantes recorrendo a comparacións e conexións sinxelas e directas con aquilo que pensa que poden coñecer.</p> <p><b>Toma notas</b> coa información necesaria que considera importante trasladarlles aos destinatarios e ás destinatarias ou conséguea con anterioridade para a ter dispoñible.</p> <p><b>Repite ou reformula</b> o que se dixo de maneira máis sinxela ou un pouco máis elaborada para aclarar ou facerlles máis comprensible a mensaxe aos/ás receptores/as.</p> <p><b>Fai preguntas simples</b> pero relevantes para obter a información básica ou complementaria que necesita para poder</p>

transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.

### Temporalización

Neste ano académico volvemos a ter un grupo de B1.2. en horario de tarde. O grupo é presencial con 120 horas anuais que se reparten en dúas sesións de dúas horas semanais.

O curso está dividido en 8 módulos que se traballarán na aula presencial. Os 8 módulos correspóndense coas oito unidades didácticas que se describen a continuación. Na temporalización tamén se ten en conta a progresión da aprendizaxe. Así as unidades con contidos máis complexos contan con máis tempo cás que son de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos esixentes. É o primeiro curso que traballamos co novo método e igual hai que facer axustes en futuros anos.

Unidade		Tarefa / Produto final	Mes Sesións / Horas
U1	O tempo	Debate sobre a falta de tempo na sociedade actual Tarefa final: publicación nun libro de visitas en liña	<b>Setembro/Outubro</b> 7 sesións 14 horas
U2	Aprendizaxe	Dialogo con formas de cortesía para inscribirse nun curso Tarefa final: comentario nun foro sobre o uso da información que se atopa en internet	<b>Outubro</b> 7 sesións 14 horas
U3	Vivenda	Crear un cartel coas normas de convivencia no seu entorno Tarefa final: Un conto sobre que pasaría si xa nadie traballara de noite	<b>Novembro</b> 8 sesións 16 horas
U4	Traballo	Debate sobre unha vida sen traballo Tarefa final: carta de presentación	<b>Decembro/Xaneiro</b> 6 sesións 12 horas
U5	Consumo	Presentar algún proxecto para reducir o consumo Tarefa final: resposta a un correo electrónico falando dos hábitos de consumo propios	<b>Xaneiro/Febreiro</b> 7 sesións 14 horas
U6	Saúde	Conversa na farmacia e entre amigos para falar de saúde e tratamentos. Tarefa final: Presentación sobre un tema relacionado coa saúde(alimentación, remedios caseiros, aplicacións,...)	<b>Febreiro</b> 6 sesións 12 horas
U7	Sociedade e convivencia	Compartir a experiencia dunha estancia no estranxeiro/ debater sobre os problemas dunha estancia no estranxeiro Tarefa final: texto para un foro sobre os valores importantes dentro dunha sociedade	<b>Marzo/Abril</b> 7 sesións 14 horas
U8	Medio ambiente	Decálogo de medidas imprescindibles para a mellora medioambiental dende o fogar Tarefa final: Presentación dunha zona con especial interese medioambiental ou con danos medioambientais	<b>Abril/Maio</b> 7 sesións 14 horas

## UNIDADE DIDÁCTICA 1: O TEMPO CRONOLÓXICO

**Tarefa final: ENTRADA NUN LIBRO DE VISITAS EN LIÑA**

NIVEL	Intermedio B1.2	Setembro/Outubro 7 sesións – 14 horas	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABALLO
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<p><b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).</p> <p><b>Comprender</b> as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua</p> <p><b>Comprender</b> anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público expresadas en linguaxe habitual no contexto dunha visita guiada.</p>	
	PCOM	<p><b>Facer</b> breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.</p> <p><b>Intervir</b> en asuntos relacionados coa vida cotiá, co tempo cronolóxico e co pasado expresando opinións e sentimentos.</p> <p><b>Participar con eficacia</b> en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns relacionados co tempo, de interese persoal, en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se contan historias, se ofrecen e piden opinións persoais; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.</p>	
	CTE	<p><b>Comprender</b> descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.</p> <p><b>Comprender notas</b> e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.</p>	
	PCEM	<p><b>Escribir</b> notas persoais sinxelas nas que se relacionen experiencias e se expresen opinións ou desexos.</p> <p><b>Tomar notas</b>, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Redactar</b> textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un aspecto do tempo.</p>	
	MED	<p><b>Tomar notas</b> breves para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre relacións persoais.</p> <p><b>Transmitirlles oralmente</b> a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p> <p><b>Resumir breves fragmentos</b> de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.</p>	
<b>C O</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>



<b>M P E T E N C I A S</b>  <b>E</b>  <b>C O N T I D O S</b>	Identificación da importancia da industria alemá para determinados sectores económicos. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Comparación da sociedade na que se enmarca a lingua de estudo coa nosa.	<b>de aprendizaxe:</b> <b>Organizar</b> o material de aprendizaxe. <b>Repetir</b> , recoñecer e usar modelos de lingua etc. <b>Relacionar</b> a información nova con coñecementos previos. <b>Deducir</b> e establecer relacións entre as linguas coñecidas. <b>Resumir</b> para comprender e producir textos orais e escritos. <b>de comunicación:</b> <b>Activar e procurar</b> coñecementos previos sobre a lingua, a situación e os contidos. <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. <b>Recoñecer</b> as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión. <b>Asegurar a comprensión</b> , repetir o comprendido, preguntar sobre o dito., volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.	<b>Usos sociais da lingua:</b> Interesarse por algo e reaccionar ante unha información. <b>Control da comunicación:</b> Organizar a información e escribir unha historia pasada. <b>Información xeral:</b> Entender e guiar conversacións sobre diferentes momentos do pasado. Entender a información sobre valores. Escribir unha unha biografía curta. Concertar unha cita, aprazala ou cancelala. <b>Coñecementos, opinións e valoracións:</b> Falar sobre o <i>Stress</i> de antes e de hoxe en día.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<b>orais:</b> conversas informais, entrevistas gravadas, anuncios <b>escritos:</b> entradas nun foro, esquemas, táboas, artigos de prensa	Tempos pasados: Perfekt, Plusquamperfekt, Präteritum Oración: Posición dos complementos Adverbio: Adverbio temporal <i>gerade</i>	O tempo cronolóxico: tempos pasados e actual día a día, paso do tempo
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
	A entoación de algunha información/información destacada dentro da oración.		

## UNIDADE DIDÁCTICA 2: FORMAS DE APRENDER

### Tarefa final: COMENTARIO NUN FORO SOBRE A INFORMACIÓN E INTERNET

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.2	Outubro 7 sesións – 14 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O</b>	CTO	<b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública). <b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. <b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.	



S	PCOM	<p><b>Facer declaracións</b> públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros</p> <p><b>Participar con eficacia</b> en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (aprendizaxe, traballo, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.</p> <p><b>Tomar a iniciativa</b> en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.</p> <p><b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información e opinións sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.</p>
	CTE	<p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).</p> <p><b>Comprender notas</b> e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas e acontecementos; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada</p>
	PCEM	<p><b>Completar un cuestionario con información persoal</b> breve e sinxela relativa a datos básicos, intereses, afeccións, formación ou experiencia profesional, ou sobre preferencias, gustos ou opinións sobre produtos, servizos, actividades ou procedementos coñecidos ou de carácter cotián.</p> <p><b>Escribir, en calquera soporte, notas</b>, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.</p> <p><b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.</p>
	MED	<p><b>Transmitirles oralmente</b> a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa o proceso e a experiencia de aprendizaxe a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Transmitir por escrito a idea xeral</b>, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa o aprendizaxe e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade</p>

		contidos en textos orais ou escritos (consellos, noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Coñecemento dos diferentes tipos de escolas en Alemaña Importancia dos estudos no estranxeiro a través de diferentes institucións	<b>de aprendizaxe:</b> Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. <b>de comunicación:</b> Probar novas expresións. Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.	<b>Usos sociais da lingua:</b> Pedir algo formalmente <b>Control da comunicación:</b> Dar e pedir información <b>Información xeral:</b> Falar de experiencias propias Recoñecer información nova e aplicala <b>Coñecementos, opinións e valoracións:</b> Falar sobre diferentes formas de aprendizaxe actuais e do pasado Valorar os diferentes tipos de aprendizaxe propio e dos demais Entender e expresar opinións
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<b>orais:</b> Modelos contextuais para enquisas e conversas sobre a aprendizaxe Organización do texto seguindo as regras de cortesía <b>escritos:</b> Comprensión de modelos contextuais propios da lingua escrita para consellos e opinións	Verbo: posición e uso do infinitivo con e sen <i>zu</i> Verbos modais e alternativas Pronomes: <i>es/man</i>	Léxico relacionado coa educación e o estudo
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Pronunciación de <i>-e,-er, -en</i> o final de palabra			

### UNIDADE DIDÁCTICA 3: VIVIR

#### Tarefa final: CONTO SOBRE AVIDA SEN TRABALLO NOCTURNO

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.2	Novembro 8 sesións – 16 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>

	CTO	<p><b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b>, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal, e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.</p>
	PCOM	<p><b>Facer declaracións</b> públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.</p> <p><b>Desenvolverse en transaccións</b> comúns da vida cotiá como o aloxamento, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. para facer unha reclamación ou realizar unha xestión administrativa de rutina), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p> <p><b>Participar con eficacia</b> en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, vivenda...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.</p> <p><b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.</p>
	CTE	<p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.</p> <p><b>Entender</b> información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas xerais de interese persoal, académico ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.</p>
	PCEM	<p><b>Tomar notas</b>, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua</p> <p><b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión</p>
MED	<p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.</p> <p><b>Resumir breves fragmentos</b> de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases</p>	

		sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal. <b>Interpretar en situacións cotiás</b> durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, hóspedes ou anfitrións e anfitroas, tanto no ámbito persoal como público (mentres se viaxa, en hoteis ou restaurantes, en eidos de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.	
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>
	Identificación das convencións sociais propias da lingua de destino. Identificación e comparación das normas de convivencia propias da lingua de destino.	<b>de aprendizaxe:</b> Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). Mobilización de esquemas e información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (escribir unha nota, un correo electrónico...).	<b>Uso social da lingua:</b> Saudar e despedirse. Dirixirse a alguén. Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela. <b>Control da comunicación:</b> Manifestar comprensión e falta de comprensión. Reformular para facilitar a comprensión. <b>Información xeral:</b> Describir formas de vivir e convivir. Referirse a situacións presentes ou pasadas. <b>Opinións e valoración:</b> Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	<b>Orais:</b> Conversas cara a cara Conversas telefónicas sinxelas Textos gravados (Podcasts) <b>Escritos:</b> Anuncios publicitarios Correspondencia persoal Entradas en foros	Preposicións: de cambio, de lugar con caso fixo Adxectivos: declinación	A vivenda, diferentes tipos A mudanza
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
	Pausas dentro da oración Uso da coma		

## UNIDADE DIDÁCTICA 4:O MUNDO LABORAL

### Tarefa final: CARTA DE PRESENTACIÓN

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.2	Decembro/Xaneiro 6 sesións – 12 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I</b>	CTO	<b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. <b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas ao mundo laboral e ao seguimento das normas de actuación no ámbito ocupacional.	

V O S	PCOM	<p><b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles no ámbito ocupacional, sobre temas que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou postos de traballo.</p> <p><b>Desenvolverse en transaccións</b> comúns da vida cotiá como son a búsqueda de traballo e os postos de traballo, intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico</p>		
	CTE	<p><b>Comprender</b> información relevante en correspondencia formal de empresas en que se informa sobre postos de traballo e condición.</p> <p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal e ocupacional (en anuncios, guías, folletos, documentos oficiais breves...).</p> <p><b>Entender</b> información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas xerais de interese persoal ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.</p>		
	PCEM	<p><b>Escribir</b>, en calquera soporte, correspondencia formal básica e breve dirixida a empresas, en que se dá e se solicita información básica ou se presenta para un posto de traballo, observando as principais convencións formais e características deste tipo de textos e respectando as normas fundamentais de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.</p> <p><b>Escribir, nun formato convencional</b> e en calquera soporte, unha carta de presentación breve, sinxela e ben estruturada, na cal se sinalan os aspectos importantes de maneira esquemática e na cal se inclúe a información que se considera relevante en relación co propósito e a persoa destinataria específicos.</p>		
	MED	<p><b>Interpretar durante intercambios simples</b>, habituais e ben estruturados, de carácter meramente factual, en situacións formais (p. ex. durante unha entrevista de traballo breve e sinxela), sempre que poida prepararse de antemán e pedir confirmación e aclaracións segundo o necesite, e que as persoas participantes falen amodo, articulen con claridade e fagan pausas frecuentes para facilitar a interpretación.</p> <p><b>Resumir breves fragmentos</b> de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.</p>		
C O M P E T E N C I A S  E  C O N	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	
	Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito e oral dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á cultura e costumes (humor, Small-talk)	<b>de aprendizaxe:</b> Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específico (p.ex. carta de presentación). Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. Adeuar o texto á persoa destinataria, ao contexto e á canle (correo electrónico de traballo), aplicando o rexistro e as características discursivas adecuadas a cada caso.	Facer propostas (educadamente) e reaccionar a elas. Control da comunicación Referir informacións, propostas e peticións laborais formuladas por outras persoas. Dar e pedir información sobre vantaxes e desvantaxes de distintas profesións. Explicar de xeito sinxelo unha oferta laboral. Dar e pedir información sobre o lugar de traballo e as condicións.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>	

T I D O S	Correspondencia formal: Escribir unha carta de presentación. Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo).	Xenitivo: formación e uso Preposición: xenitivo Oracións: formación e uso das oracións causais, concesivas e consecutivas	Profesións Mundo laboral (elección, ofertas de emprego, presentarse a unha oferta)
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
	Falar de forma amable e educada		

UNIDADE DIDÁCTICA 5: CONSUMO				
Tarefa final: CORREO ELECTRÓNICO FALANDO DE HABITOS PROPIOS				
NIVEL	Intermedio B1.2		Xaneiro/Febreiro 7 sesións – 14 horas	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual		Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABALLO
O B X E C T I V O S	CTO	<p><b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas a aparellos ou dispositivos de uso frecuente, á realización de actividades cotiás ou a produtos do día a día.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas principais dunha entrevista ou conversa articulada con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas xerais de programas de radio ou de televisión de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade</p>		
	PCOM	<p><b>Facer declaracións</b> públicas breves e ensaiadas, sobre un tema cotián dentro do propio campo, ou de interese persoal, que son claramente intelixibles a pesar de ir acompañadas dun acento e dunha entoación inconfundiblemente estranxeiros.</p> <p><b>Facer presentacións</b> preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías), sobre un tema xeral relacionado co consumo, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.</p> <p><b>Facer</b> breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.</p> <p><b>Intervir</b> en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.</p>		
	CTE	<p><b>Comprender con suficiente detalle</b>, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan información relativa de aparellos ou dispositivos de uso frecuente ou a realización de actividades cotiás.</p> <p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal e das costumes de consumo ou obxectos que nos rodean (en anuncios, prospectos, folletos, gráficos...).</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas e obxectos cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.</p> <p><b>Comprender</b> mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu</p>		



		interese.		
	PCEM	<p><b>Escribir, en calquera soporte, notas</b>, anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.</p> <p><b>Tomar notas</b>, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.</p> <p><b>Escribir</b> notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.</p> <p><b>Redactar</b> resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión, con certa seguridade, sobre feitos concretos.</p>		
	MED	<p><b>Transmitirlles oralmente</b> a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (instrucións ou avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante dun vídeo, audio, co fin de realizar preguntas sobre a información detallada.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.</p>		
<b>COMPETENCIAS CONTIDAS</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	
	Identificación dos elementos socioculturais que poden levar a queixas e reclamacións. Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Identificación e comparación de produtos de consumo propios da comunidade na que se enmarca a lingua de estudo.	<b>de aprendizaxe:</b> Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. <b>Activar e procurar</b> coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...;informarse se hai axudas visuais etc.	Propoñer, aceptar, rexeitar propostas sobre obxectos e consumo. Expresar a propia opinión e os gustos. Descrición de calidades físicas e valoracións de obxectos e actividades.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>	
	Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estruturas textuais; variante de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos.	Pasiva: tempos, pasivas con modais Preposicións: temporais	Diñeiro, compras e consumo	
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			

Entoación de palabras largas e información relevante dentro da frase.

## UNIDADE DIDÁCTICA 6: A SAÚDE

### Tarefa final: PRESENTACIÓN SAÚDE

NIVEL	Intermedio B1.2		Febreiro 6 sesións – 12 horas	TEMPORALIZACIÓN
RECURSOS DIDÁCTICOS	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual		Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	MODALIDADE DE TRABALLO
O B X E C T I V O S	CTO	<p><b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.</p> <p><b>Comprender</b>, nunha conversa formal en que se participa, no ámbito público, académico ou ocupacional, e independentemente da canle, gran parte do que se di sobre actividades e procedementos cotiáns, e menos habituais se está relacionado co propio campo de especialización, sempre que os/as interlocutores/as eviten un uso moi idiomático da lingua e pronuncien con claridade, e cando se poidan formular preguntas para comprobar que se comprendeu o que o interlocutor ou a interlocutora quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.</p>		
	PCOM	<p><b>Facer presentacións</b> preparadas, breves ou de extensión media, ben estruturadas e con apoio visual (gráficos, fotografías, transparencias ou diapositivas), sobre temas de saúde, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, así como responder a preguntas complementarias breves e sinxelas dos e das oíntes sobre o contido do que se presentou, aínda que é posible que teña que pedir que llas repitan, se se fala con rapidez.</p> <p><b>Desenvolverse en transaccións</b> comúns da vida cotiá, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. nunha farmacia), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p> <p><b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, sobre temas cotiáns como a saúde e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.</p> <p><b>Tomar a iniciativa</b> en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias</p>		
	CTE	<p><b>Comprender notas</b> e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas ou acontecementos; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.</p> <p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).</p>		
	PCEM	<p><b>Tomar notas</b>, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se</p>		



		<p>formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Escribir informes</b> moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, facendo unha descrición simple de persoas, costumes, tempo libre e saúde e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.</p> <p><b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.</p>		
	MED	<p><b>Transmitirles oralmente</b> a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p> <p><b>Interpretar en situacións cotiás</b> durante intercambios breves e sinxelos con amizades, familia, tanto no ámbito persoal como público (farmacia, médico, en eidos de ocio...), sempre que as persoas participantes falen amodo e claramente e poida pedir confirmación.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes orais ou escritos, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.</p> <p><b>Resumir breves fragmentos</b> de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.</p> <p><b>Transmitir por escrito a idea xeral</b>, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p>		
C O M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	
	Coñecemento e aplicación de convencións sociais (fórmulas de cortesía e de tratamento e pautas de comportamento social). Coñecemento e aplicación á comprensión, produción e coprodución de textos dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a saúde e o tempo libre, e ás relacións interpersoais para chegar a acordos. Coñecemento e aplicación á comprensión do texto escrito dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos ás convencións sociais no ámbito da saúde.	<b>de aprendizaxe:</b> Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos (unha entrevista, un correo electrónico, unha noticia...). Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a este. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes). Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada»...).	Falar e opinar sobre a alimentación. Describir costumes e recomendacións para unha vida saudable. Propoñer, aceptar, rexeitar propostas dunha vida saudable. Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e desacordo, da dúbida e da hipótese. Petición e ofrecemento do información.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>	

	<p>A radio:Características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e a actividade comunicativa específica, as persoas participantes (trazos, relacións, intención comunicativa) e a situación (canle, lugar, tempo). A entrevista e o artigo periodístico: Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos e ortográficos.</p>	<p>Oracións: expresar metas e intencións con <i>damit, um...zu, zum+Infinitiv</i> Verbos con preposicións Adverbios preposicionais con <i>da(r)-...</i> e preguntas con <i>wo(r)-...</i></p>	<p>O corpo, saúde e tempo libre</p>
<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>			
<p>Pronunciación da s s – ss - ß</p>			

<b>UNIDADE DIDÁCTICA 7: SOCIEDADE E CONVIVENCIA</b>			
<b>Tarefa final: COMENTARIO NUN FORO SOBRE VALORES DA SOCIEDADE</b>			
<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.2	Marzo/Abril 7 sesións – 14 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C T I V O S</b>	CTO	<p><b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.</p> <p><b>Identificar</b> os puntos principais e os detalles relevantes dunha conversa formal ou dun debate que se presencia, breve ou de duración media, e entre dúas ou máis persoas interlocutoras, sobre temas xerais, coñecidos, de actualidade ou do propio interese, sempre que as condicións acústicas sexan boas, que o discurso estea ben estruturado e articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar, e que non se faga un uso moi idiomático ou especializado da lingua.</p>	
	PCOM	<p><b>Desenvolverse en transaccións</b> comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as convivencia e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. de convivencia), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p> <p><b>Participar con eficacia</b> en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, vivenda, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a</p>	

		<p>sorpresa, o interese ou a indiferenza; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade crenzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.</p> <p><b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público e persoal sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.</p>		
	CTE	<p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).</p> <p><b>Comprender notas</b> e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan instrucións ou indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas, acontecementos, obxectos e lugares; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal.</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.</p>		
	PCEM	<p><b>Escribir, nun formato convencional</b> e en calquera soporte, un curriculum vitae breve, sinxelo e ben estruturado, no cal se sinalan os aspectos importantes de maneira esquemática e no cal se inclúe a información que se considera relevante en relación co propósito e a persoa destinataria específicos.</p> <p><b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans e definen valores, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.</p> <p><b>Escribir informes</b> moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática</p>		
	MED	<p><b>Transmitirles oralmente</b> a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (avisos, prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou programadas de radio con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.</p> <p><b>Resumir breves fragmentos</b> de información de diversas fontes, así como realizar paráfrases sinxelas de breves pasaxes escritas utilizando as palabras e a ordenación do texto orixinal.</p> <p><b>Transmitir por escrito a idea xeral</b>, os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (noticias, artigos periodísticos, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p>		
C O	I- Socioculturais e sociolingüísticos	II- Estratéxicos	III- Funcionais	

<b>M P E T E N C I A S  E  C O N T I D O S</b>	Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Identificación dos elementos socioculturais propios presentes nas distintas situacións comunicativas: convivencia. Coñecemento e aplicación a todas as actividades de lingua dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos aos costumes e hábitos na vida cotiá: tipos de convivencia	<b>de aprendizaxe:</b> Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos (p. ex. modificar palabras de significado parecido ou definir ou parafrasear un termo ou expresión), paralingüísticos ou paratextuais (p. ex. pedir axuda; sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente - xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica- ou usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais). Expectativas xeradas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; selección de patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos. Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.	Formulación de consellos e suxestións. Expresar desexos e valores para unha boa convivencia. Dar e pedir información sobre vivir e traballar no estranxeiro. Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese. Resumir un texto.
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>
	O artigo periodístico: Utilizar as convencións propias dos textos periodísticos. A narración: Organización e estruturación do texto segundo o xénero; a e a estrutura interna primaria (inicio, desenvolvemento, conclusión) e secundaria (relacións oracionais, sintácticas e léxicas cotextuais).	Oracións de relativo Oracións subordinadas temporais <i>wenn e als</i> Cambio de tempo despois de <i>nachdem</i>	Convivencia
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
Acento e melodía en preguntas (para confirmar a información)			

### UNIDADE DIDÁCTICA 8: MEDIO AMBIENTE

#### Tarefa final: PRESENTACIÓN ZONA CON ESPECIAL INTERES MEDIOAMBIENTAL

<b>NIVEL</b>	Intermedio B1.2	Abril/Maio 7 sesións – 14 horas	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>
<b>RECURSOS DIDÁCTICOS</b>	Libro/s de texto, Fotocopias, Audios e vídeos, Internet, Aula virtual	Individual, en pequeno grupo e en grande grupo. En liña e presencial.	<b>MODALIDADE DE TRABALLO</b>
<b>O B X E C</b>	CTO	<b>Comprender</b> con suficiente detalle anuncios e mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, transmitidas cara a cara ou por medios técnicos, relativas á realización de actividades cotiás, ou ao seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional. <b>Comprender</b> a intención e o sentido xerais, e os aspectos importantes, de declaracións breves e	

T I V O S		<p>articuladas con claridade, en linguaxe estándar e a velocidade normal (p. ex. durante unha celebración privada ou unha cerimonia pública).</p> <p><b>Comprender</b> as ideas principais e os detalles relevantes de presentacións, charlas, podcasts ou conferencias breves e sinxelas que versen sobre temas coñecidos, de interese persoal ou da propia especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b> o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dunha conversa ou discusión informal que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema resulte coñecido, e o discurso estea articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Comprender</b>, nunha conversa ou nunha discusión informal en que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, descrições e narracións sobre asuntos prácticos da vida diaria e información específica relevante sobre temas xerais, de actualidade ou de interese persoal (p.ex. natureza e medioambiente), e captar sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que non haxa interferencias acústicas e que as persoas interlocutoras falen con claridade, amodo e directamente, eviten un uso moi idiomático da lingua e estean dispostas a repetir ou reformular o que dixeron.</p> <p><b>Comprender</b> as ideas principais de programas de radio ou televisión, tales como anuncios publicitarios, boletíns informativos, entrevistas, reportaxes ou documentais, que tratan temas cotiáns, xerais, de actualidade, de interese persoal ou da propia especialidade, cando se articulan de forma relativamente lenta e clara.</p>
	PCOM	<p><b>Desenvolverse en transaccións</b> comúns da vida cotiá como son as viaxes, o aloxamento, as comidas e as compras, así como enfrontarse a situacións menos habituais e explicar o motivo dun problema (p. ex. cambio climático, natureza), intercambiando, comprobando e confirmando información co debido detalle, propoñendo os propios razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p> <p><b>Participar con eficacia</b> en conversas informais, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre temas cotiáns, de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria (familia, afeccións, traballo, viaxes, feitos de actualidade...), en que se describen con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e se responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; se ofrecen e piden opinións persoais; se fan comprensibles as propias opinións ou reaccións respecto ás solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas e se invita a outras persoas a expresar os seus puntos de vista sobre a forma de proceder; se expresan con amabilidade creanzas, acordos e desacordos e se explican e xustifican de maneira sinxela opinións e plans.</p> <p><b>Tomar a iniciativa</b> en entrevistas ou consultas (p. ex. para propoñer un novo tema), aínda que se dependa moito da persoa entrevistadora durante a interacción, e utilizar un cuestionario preparado para realizar unha entrevista estruturada, con algunhas preguntas complementarias.</p> <p><b>Tomar parte</b> en conversas e discusións formais habituais, en situacións predicibles nos ámbitos público, educativo e ocupacional, sobre temas cotiáns e que supoñen un intercambio de información sobre feitos concretos ou nas cales se dan instrucións ou solucións a problemas prácticos, e propoñer nelas un punto de vista con claridade, ofrecendo breves razoamentos e explicacións de opinións, plans e accións, e reaccionado de forma sinxela ante os comentarios dos/as interlocutores/as, sempre que poida pedir que se repitan, aclaren ou elaboren os puntos clave, se é necesario.</p>
	CTE	<p><b>Comprender con suficiente detalle</b>, coa axuda da imaxe ou marcadores claros que articulen a mensaxe, anuncios, carteis, letreiros ou avisos sinxelos e escritos con claridade, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a realización de actividades cotiás ou o seguimento de normas de actuación e de seguridade nos ámbitos público, educativo e ocupacional.</p> <p><b>Localizar con facilidade</b> e comprender información relevante formulada de maneira simple e clara en material escrito de carácter cotián ou relacionada con asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional (en anuncios, prospectos, catálogos, guías, folletos, programas, documentos oficiais breves...).</p> <p><b>Entender</b> información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta, en calquera soporte, claramente estruturados e sobre temas xerais de interese persoal, académico ou ocupacional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender notas</b> e correspondencia persoal en calquera formato, e mensaxes en foros e blogs, nos que se dan instrucións ou indicacións; se transmite información procedente de terceiras persoas; se fala de si mesmo/a; se describen persoas, acontecementos, obxectos e lugares; se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios e se expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou de interese persoal</p> <p><b>Comprender o sentido xeral</b>, a información principal, as ideas significativas e algún detalle</p>

		relevante en noticias e artigos xornalísticos sinxelos e ben estruturados, breves ou de extensión media, sobre temas cotiáns, de actualidade ou do propio interese, e redactados nunha variante estándar da lingua, nunha linguaxe non moi idiomática ou especializada.		
	PCEM	<p><b>Escribir, en calquera soporte, notas,</b> anuncios e mensaxes en que se transmite ou solicita información sinxela de carácter inmediato, ou opinións sobre aspectos persoais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, e nos cales se resaltan os aspectos que resultan importantes, respectando as convencións específicas deste tipo de textos e as normas de cortesía e, de ser o caso, da netiqueta.</p> <p><b>Tomar notas,</b> facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conversa formal, presentación, conferencia ou charla sinxelas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule de maneira simple e se articule con claridade, nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Escribir correspondencia persoal</b> e participar en chats, foros e blogs, sobre temas cotiáns, xerais, de actualidade ou do propio interese, e nos cales se pide ou se transmite información; se narran historias; se describen, con certo detalle, experiencias, acontecementos, sexan estes reais ou imaxinados, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións; se xustifican brevemente opinións e se explican plans, facendo ver os aspectos que se cren importantes, preguntando sobre problemas ou explicándoos con razoable precisión.</p> <p><b>Escribir informes</b> moi breves en formato convencional, con información sobre feitos comúns e os motivos de certas accións, nos ámbitos público, educativo ou ocupacional, facendo unha descrición simple de persoas, obxectos e lugares e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática</p>		
	MED	<p><b>Transmitirlles oralmente</b> a terceiras persoas a idea xeral, os puntos principais e os detalles relevantes da información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade, contida en textos orais ou escritos (prospectos, folletos, correspondencia, presentacións, conversas, noticias...), sempre que os ditos textos teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou escritos nunha linguaxe non especializada e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo, coa debida precisión, información específica e relevante de mensaxes (p. ex. telefónicas), anuncios ou instrucións articulados con claridade, sobre asuntos cotiáns ou coñecidos.</p> <p><b>Tomar notas breves</b> para terceiras persoas, recollendo instrucións ou facendo unha listaxe dos aspectos máis importantes, durante unha presentación, charla ou conversa breves e claramente estruturadas, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade nunha variedade estándar da lingua.</p> <p><b>Transmitir por escrito a idea xeral,</b> os puntos principais e os detalles relevantes de fragmentos breves de información relativa a asuntos cotiáns e a temas de interese xeral, persoal ou de actualidade contidos en textos orais ou escritos (noticias, conversas, correspondencia persoal...), sempre que os textos fonte teñan unha estrutura clara, estean articulados a unha velocidade lenta ou media ou estean escritos nunha linguaxe non especializada, e presenten unha variedade estándar da lingua non moi idiomática.</p>		
<b>C O M P E T E N C I A S  E  C O N T</b>	<b>I- Socioculturais e sociolingüísticos</b>	<b>II- Estratéxicos</b>	<b>III- Funcionais</b>	
	Identificación das convencións sociais propias da lingua estudada. Identificación e comparación de problemas medioambientais propios da comunidade na que se enmarca a lingua de estudo. Coñecemento e aplicación a todas as actividades de lingua dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos aos costumes e hábitos sostibles na vida cotiá.	<b>de aprendizaxe:</b> Activar esquemas mentais sobre a estrutura da actividade e do texto específicos. Concibir a mensaxe con claridade e distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe «prefabricada» e coñecida sobre o medioambiente...).	Expresar a necesidade ou o desexo de seguir un estilo de vida. Expresión do desexo, da intención e da vontade. Pedir e ofrecer consellos sobre o coidado do medioambiente. Formulación de consellos, suxestións e ofrecementos sobre o medioambiente. Expresión da opinión, do coñecemento e do descoñecemento, do acordo e do desacordo, da dúbida e da hipótese.	
	<b>IV- Discursivos</b>	<b>V- Sintácticos</b>	<b>VI- Léxicos</b>	



<b>I D O S</b>	<p>O artigo periodístico:          Selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos e ortográficos.</p> <p>As entradas nun blog:          Recoñecemento, coñecemento o selección de patróns e características textuais demandadas polo contexto: tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e ortotipográficos</p>	<p>Oración: de relativo con <i>wo, was</i> e <i>wo(r)+</i> preposición          Konjunktiv II: suposicións, desexos, peticións e situacións irrealis</p>	<p>Medioambiente e natureza</p>
	<b>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográficos</b>		
	<p>Pronuncia <i>ö</i> e <i>ü</i></p>		

## Nivel avanzado

### C1

#### Obxectivos xerais

O alumnado que supere o **nivel avanzado C1** poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

Eliminaranse da docencia do nivel C1 as imaxes estereotipadas de homes e mulleres e substituiranse por outras que fomenten a igualdade.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

#### C1

**Comprender**, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**Producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**Comprender** a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

#### C1

**Producir e coproducir** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.



## Obxectivos específicos e mínimos esixibles

	C1 – Obxectivos específicos	Mínimos esixibles
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Comprender</b>, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.</p> <p><b>Comprender</b> información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.</p> <p><b>Comprender</b> con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.</p> <p><b>Comprender</b> os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.</p> <p><b>Comprender</b> conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.</p> <p><b>Comprender</b>, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.</p>	<p><b>Comprender</b>, independentemente da canle, unha meirande parte da información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados.</p> <p><b>Comprender</b> información máis ou menos omplexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.</p> <p><b>Comprender</b> a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.</p> <p><b>Comprender</b> detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.</p> <p><b>Comprender</b> conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.</p> <p><b>Comprender</b> unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar actitudes implícitas entre os e as falantes.</p>
	C1 – Obxectivos específicos	Mínimos esixibles

Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Facer</b> declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.</p> <p><b>Realizar</b> presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.</p> <p><b>Participar</b> nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.</p> <p><b>Participar</b> en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p>	<p><b>Facer</b> declaracións públicas con fluidez e usando a entoación para transmitir o significado.</p> <p><b>Realizar</b> presentacións ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.</p> <p><b>Participar</b> nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.</p> <p><b>Participar</b> en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Expresar as propias ideas e opinións, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.</p>
--	---	---

Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Comprender</b> instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.</p> <p><b>Comprender</b> alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).</p> <p><b>Comprender</b> a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.</p> <p><b>Comprender</b> artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender</b> en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender</b>, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.</p> <p><b>Comprender</b> textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p>	<p><b>Comprender</b> parte das instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.</p> <p><b>Comprender</b> un 65% das alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).</p> <p><b>Comprender</b> un 65% da información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.</p> <p><b>Comprender</b> artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender</b> en detalle algunha información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.</p> <p><b>Comprender</b>, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.</p> <p><b>Comprender</b> textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.</p>
	C1 – Obxectivos específicos	Mínimos esixibles

Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Tomar</b> notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.</p> <p><b>Escribir</b> correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p><b>Escribir</b> correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p><b>Escribir</b> informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.</p>	<p><b>Tomar</b> notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional.</p> <p><b>Escribir</b> correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p><b>Escribir</b> correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.</p> <p><b>Escribir</b> informes, memorias, artigos e ensaios ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.</p>
Actividades de mediación	<p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.</p> <p><b>Adaptar</b> sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</p> <p><b>Levar</b> a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.</p> <p><b>Recoñecer</b> significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.</p>	<p><b>Mediar</b> entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico, en xeral, de xeito apropiado.</p> <p><b>Adaptar</b> o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.</p> <p><b>Levar</b> a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora.</p> <p><b>Recoñecer</b> significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido tendo en conta as necesidades ou intereses do/a receptor/a.</p>

### Competencias e contidos

Os contidos presentados en cada nivel teñen un mero carácter orientador, constitúen un inventario baseado nun principio progresivo da educación, de ir incorporando coñecementos novos sobre unha base de coñecementos anteriores que se manteñen vivos e activos.

Socioculturais e sociolingüísticos	<p>Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.</p> <p>C1</p>
------------------------------------	---

	<p>Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, rexistros nas seguintes áreas: a vida cotiá, os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e crenzas.</p>
Estratéxicos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.</p>
	<p>C1</p> <p><b>1. As estratexias de aprendizaxe</b> danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:</p> <p><b>Explicar</b> o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.  <b>Planificar</b> a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.  <b>Organizar</b> o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...)  <b>Autoavaliar</b> o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.  <b>Utilizar</b> todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)  <b>Repetir</b>, recoñecer e usar modelos de lingua etc.  <b>Relacionar</b> a información nova con coñecementos previos.  <b>Deducir</b> e establecer relacións entre as linguas coñecidas.  <b>Resumir</b> para comprender e producir textos orais ou escritos.</p> <p><b>2. As estratexias de comunicación</b> permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:</p> <p><b>Activar e procurar</b> coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...  <b>Informarse</b>, se hai axudas visuais etc.  <b>Identificar</b> o tipo de texto para adaptalo á audiencia.  <b>Tomar</b> conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.  <b>Establecer</b> hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...)  <b>Restablecer</b> e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...)  <b>Reformular</b> hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.  <b>Asegurar</b> a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.  <b>Solicitar</b> repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.  <b>Recoñecer</b> as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.</p>
Funcionais	<p>Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p> <p>C1</p>

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

**Funcións ou actos de fala asertivos**, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

**Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso**, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

**Funcións ou actos de fala directivos**, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

**Funcións ou actos de fala fácticos e solidarios**, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

**Funcións ou actos de fala expresivos**, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

C1

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Anuncios publicitarios complexos retransmitidos
- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Debates e discusións formais sobre temas complexos ou específicos
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Sondaxes e cuestionarios complexos
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- *Podcasts*
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos

- Correspondencia persoal e profesional especializada

Discursivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos</li> <li>- Instrucións extensas</li> <li>- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade</li> <li>- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática</li> <li>- Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoiem excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica</li> <li>- Informacións, anuncios e slogans publicitarios</li> <li>- Textos que poidan amosar trazos non normativos</li> <li>- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral</li> <li>- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade</li> <li>- Textos ensaísticos</li> </ul>
Sintácticos	<p>Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.</p>
	<p>C1</p> <p><i>Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Formación de palabras: derivación e composición</li> <li>- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos</li> <li>- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso</li> <li>- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos</li> <li>- Usos sintácticos complexos</li> <li>- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde</li> <li>- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.</li> <li>- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos</li> </ul>
Léxicos	<p>Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.</p> <p><i>Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.</i></p>
	<p>C1</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Alimentación:</b> tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...</li> <li>- <b>Bens e servizos:</b> inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...</li> <li>- <b>Ciencia e tecnoloxía:</b> avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...</li> <li>- <b>Compras e actividades comerciais:</b> actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...</li> <li>- <b>Cultura e actividades artísticas:</b> música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...</li> <li>- <b>Economía e industria:</b> finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...</li> <li>- <b>Educación e actividades académicas:</b> sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...</li> <li>- <b>Goberno, política e sociedade:</b> organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...</li> <li>- <b>Identidade persoal:</b> dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...</li> <li>- <b>Información e medios de comunicación:</b> prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Lecer e tempo libre:</b> xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...</li> <li>- <b>Relacións persoais e sociais:</b> relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...</li> <li>- <b>Relixión e filosofía:</b> correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...</li> <li>- <b>Saúde, coidados físicos e atención sanitaria:</b> estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...</li> <li>- <b>Traballo e actividades profesionais:</b> tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...</li> <li>- <b>Viaxes e estancias no estranxeiro:</b> turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...</li> <li>- <b>Vivenda, fogar e contorna:</b> tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...</li> <li>- <b>Xeografía, natureza e medio rural:</b> accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...</li> </ul>
Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos	<p>Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común (aínda que sexa perceptible o acento estranxeiro), así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.</p> <p><i>Consolidaranse todos os contidos fonético-fonolóxicos e ortotipográficos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel.</i></p>
	C1
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A énfase</li> <li>- A entoación e os cambios de ton</li> <li>- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)</li> <li>- Os patróns melódicos específicos dalgunhas estruturas sintácticas</li> <li>- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrán, poemas...)</li> <li>- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación</li> <li>- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas</li> <li>- As convencións de distribución e organización do texto</li> <li>- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común</li> </ul>

### Crterios de avaliación

	C1
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>Comprende</b> o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.</p> <p><b>Recoñece</b>, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.</p> <p><b>É capaz</b> de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.</p> <p><b>Recoñece</b> expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.</p> <p><b>Percibe</b> as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.</p>
	C1



Actividades de produción e coprodución de textos orais	<p><b>Utiliza</b> o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.</p> <p><b>Expresa</b> o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.</p> <p><b>Desenvolve</b> argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.</p> <p><b>Rebate</b> os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.</p> <p><b>Exprésase</b> cun alto grao de corrección de modo consistente.</p> <p><b>Domina</b> un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.</p> <p><b>É quen de</b> iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.</p> <p><b>Expón</b> preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.</p> <p><b>Adapta</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p><b>Produce</b> un texto meta oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte (orais ou escritos).</p> <p><b>Transmite</b> de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p><b>Varía</b> a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.</p>
	C1
Actividades de comprensión de textos escritos	<p><b>Comprende</b> o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.</p> <p><b>Identifica</b> con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.</p> <p><b>Localiza</b> detalles relevantes en textos extensos e complexos.</p> <p><b>Recoñece</b> a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.</p> <p><b>Localiza</b> a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p> <p><b>Recoñece</b> expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.</p> <p><b>Comprende</b>, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.</p> <p><b>Comprende</b> as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.</p>

Actividades de produción e coprodución de textos escritos	<p><b>Escribe</b> textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.</p> <p><b>Redacta</b> un texto e adáptao á situación requirida.</p> <p><b>Presenta</b> ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.</p> <p><b>Utiliza</b> estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.</p> <p><b>Utiliza</b> as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.</p> <p><b>Adapta</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p><b>Produce</b> un texto meta escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).</p> <p><b>Sabe facer</b> unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p.e. nun texto académico).</p> <p><b>Transmite</b> de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p>
---	---

C1

Actividades de mediación	<p><b>Fai uso</b> dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> <p><b>Adapta</b> os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p><b>Produce</b> un texto meta coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte (orais ou escritos).</p> <p><b>Sabe citar</b> as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.</p> <p><b>Transmite</b> de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p><b>Xestiona</b> con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.</p>
--------------------------	---

### Mínimos esixibles

	C1
Actividades de comprensión de textos orais	<p><b>É quen de comprender</b> o que se pretende comunicar.</p> <p><b>Pode recoñecer</b> a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.</p> <p><b>É quen de seguir</b> un discurso extenso ben estruturado.</p> <p><b>É quen de recoñecer</b>, en xeral, expresións idiomáticas e coloquiais.</p> <p><b>Pode percibir</b> as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e, en xeral, recoñece matices de significado.</p>
	C1

<b>Weihnachten in deutschsprachigen Ländern</b>  <b>Weihnachtsfeier</b>  (Nadal en países de fala alemana)	Coñecer como se vive o Nadal en Austria, Alemaña e Suíza	Unha ou dúas semanas antes do Nadal , festa de Nadal nos días anteriores as vacacións de Nadal	Os membros do Dpto. de Alemán mais a lectora	80 euros para material bibliográfico, doces típicos, decoración, premios	indagar e responder un <i>quiz</i> temático ( <i>Quizziz</i> ou <i>Kahoot</i> )  recompilación de receitas típicas do Nadal e elaboración propia de doces típicos para a festa de Nadal.  cancións típicas da época ( <i>Weihnachtslieder</i> )  obradoiro/ manualidades de figuras típicas do Nadal  intercambio de tarxetas e regaliños ( <i>Wichteln</i> ) nas clases ou na festa

<b>Karneval Österreich</b> <b>aula e exposición</b> (Entroido en Austria)	Coñecer máis de cerca as tradicións austríacas do Entroido	Unha ou dúas semanas antes do Antroido 2024	A lectora co departamento	60 euros	- Traballo previo de vocabulario e pescuda sobre as tradicións  - Visionado da exposición sobre a temática  - Cuestionario sobre a temática
<b>Ostern und die Ostereier</b> <b>obradoiro</b> (A Pascua e a tradición dos ovos de Pascua)	Confeccionar os ovos de Pascua e aprender o significado da Pascua	Marzo 2024	Os membros do Dpto. de Alemán lectora	40 euros (material de bricolaxe)  60 euros en premios  1º premio  2º premio  3º premio	-Indagar sobre a tradición nos países de fala almana  - Recompilación de ideas e deseños para decorar os ovos  - Elaboración de ovos de Pascua e posterior exposición  - votación  - entrega de premios
<b>Viaxe a país de fala almana</b>	Viaxe cultural	2º semestre	Os membros do Dpto. de Alemán	dependendo da viaxe	-traballo previo sobre a zona a visitar -presentación posterior da viaxe para os demais alumnos
<b>Conferencias</b>	Achegar unha visión mais polo miúdo de determinados temas de interese	1º/2º semestre	Os membros do Dpto. de Alemán lectora  colaboración externa	dependendo dos relatores	-traballo previo sobre o tema a tratar na conferencia -enquisa sobre as conclusións e o tema da conferencia
<b>Exposición</b>	relacionada coa conferencia ou sobre aspectos relevantes da sociedade de países de fala almana	2º semestre	Dpto. de Alemán lectora	60 euros	-traballo sobre o tema da exposición con anterioridade na aula e cuestionario para o alumnado
<b>CUSTO TOTAL PREVISTO ATÉ XUÑO 2024:</b>					<b>480 Euros</b>

En todas as actividades do departamento colaboran todas as profesoras mais a lectora en medida do necesario e posible.

## Festa do Nadal

Cada profesora, no marco da súa aula ou en conxunto co resto do departamento, prestará especial atención a unha celebración que se axuste as tradicións e costumes nos países de fala e cultura alemá.

Faremos unha serie de presentacións sobre costumes e tradicións, e faremos, de xeito presencial, un concurso tipo quiz, no que os mellores equipos recibirán pequenos agasallos.

Este ano quereamos volver a organizar obradoiros ou degustación de doces ou produtos típicos como tamén as manualidades típicas relacionadas co Nadal.

## Conferencias; relatores invitados

Non temos polo de agora nada programado, pero non se descarta a contratación de algun/algunha ponente ou relator/a que poida presentar un tema interesante relacionado coa lingua e cultura alemana.

## Interdepartamentais

O departamento colaborará coas actividades multidepartamentais propostas desde a dirección, do mesmo xeito que coas que se propoñan desde outros departamentos e equipos da escola, coma o EDL e o Equipo de Dinamización da biblioteca.

Neste momento xa están organizándose as seguintes actividades:

- ✓ Participación un día de cada mes no **club de lectura de alemán, dirixido por María José Veiga Díaz nivel B/C e un club de xogos alemáns por Verónica Fernández Domínguez nivel A,B1.1.** dentro de *Ratos de Rochoteca* e os clubs de lectura fomentados pola biblioteca. Os clubs de lectura van a ser presenciais na biblioteca do centro.

*Club de lectura para os niveis B e C:*

Autores:

De **Wladimir Kaminer**

- Liebesgrüsse aus Deutschland

De xurdiren ao longo do curso exposicións ou calquera actividade que encaixe nos intereses do noso departamento, queda aberta a posibilidade —en función do orzamento e da dispoñibilidade do profesorado e do alumnado— de facela efectiva.

## RECURSOS

### Recursos humanos

No presente curso 2023/2024, o departamento de alemán conta coas seguintes profesoras:

- María José Veiga Díaz, vicedirectora da EOI de Lugo.

Hora de atención ao alumnado: Xoves 20:00-21:00

- Verónica Fernández Domínguez.

Hora de atención ao alumnado: Luns, 17:30-18:00 e venres, 8:30-9

- Begoña Martínez Pena, xefa de departamento.

Hora de atención ao alumnado: Martes 20:00-20:30, Mércores 11:00-11:30

- Anna-Irina Hernach, auxiliar de conversa co horario por determinar. Non empeza ata o mes de novembro.

## Recursos didácticos (Aula virtual, libros de texto, materiais didácticos, diversas TIC)

Por instrumentos ou materiais de estudo entendemos todas as ferramentas de traballo que o alumnado poderá empregar para a adquisición dos obxectivos, que poderán ser utilizados tanto dentro coma fóra da aula. Faremos distinción entre os materiais de adquisición obrigatoria, por ser estes os que se empregarán maioritariamente na aula (libros de texto), biblioteca (na que o alumnado ten acceso aos libros de lectura e outros materiais de consulta), e recursos multimedia.

A Aula virtual da EOI de Lugo (plataforma Moodle) é unha ferramenta mais para profundizar, completar e ampliar a aprendizaxe da lingua. Esta ferramenta vai servir dende comezo de curso de repositorio de contidos relacionados co tratado na aula. O alumnado terá acceso a arquivos multimedia relacionados cos temas tratados na clase e pode traballar de xeito autónomo os contidos da Aula virtual que non substitúe senón complementa os contidos vistos na aula presencial.

No curso pasado introducimos a modalidade de ensino semipresencial no curso de B1.1. Neste curso seguimos coa posibilidade de facer o nivel B1.1. na modalidade de ensino semipresencial, pero tamén na modalidade presencial. A modalidade semipresencial implica o uso obrigatorio da aula virtual como plataforma de aprendizaxe. Os materiais que se penduran na aula virtual serven de libro de texto e exercicios e están concebidos para traballar tanto de xeito individual como de xeito colaborativo co resto do grupo. As horas de traballo na aula virtual serán como mínimo dúas horas semanais.

## Recursos de adquisición propia do alumnado

En consonancia coas liñas metodolóxicas descritas, foron elixidos os seguintes libros de texto:

- A1: o material de traballo contido na obra STUDIO [express] A1
- A2: o material de traballo contido na obra STUDIO [express] A2
- B1.1: material de elaboración propia da profesora ou libres de dereitos de autor, curso semipresencial e presencial
- B1.2: o material de traballo contido na obra KONTEXT DAF B1+ express
- C1.1: o material de traballo contido na obra KOMPASS DAF C1.1

## Biblioteca e outros recursos TIC a disposición libre do alumnado

Ademais dos libros de texto, das gramáticas que se poden recomendar aos alumnos e dos libros de lectura, a Escola de Idiomas conta cunha biblioteca multimedia con libros de consulta e outras publicacións periódicas (revistas e xornais). Cabe a posibilidade de que o alumnado do departamento de alemán reserve exemplares da revista *Deutsch perfekt*, á que estamos subscritos, para a súa consulta en sala.

A biblioteca ofrece acceso á internet, materiais audiovisuais e reprodutores de vídeos e DVDs.

O centro dispón de tabletas que se poden empregar tamén na aula e dunha aula de informática cun amplo equipamento de aparellos conectados á rede e métodos e gramáticas multimedia.

Na actualidade todas as aulas dispoñen dunha pantalla dixital que tamén están conectadas a rede. E tamén o salón de actos conta cunha pantalla interactiva.

## Libros de lectura

Existen dúas opcións:

Cada alumno ou alumna poderá ler alomenos unha lectura recomendada das que se atopan na biblioteca. A avaliación poderase facer entregando unha ficha de lectura ao profesor. Nos cursos de promoción os traballos relacionados coas lecturas poderían ser tamén un instrumento de avaliación. Estes poderán ter lugar no marco da aula e/ou na casa. Continuarase coa posibilidade, iniciada o pasado curso, de enviar unha recensión crítica ao blog da biblioteca “Ratos de rochoteca” e obter así a pequena vantaxe antedita.

Deste xeito preténdese prestar atención á diversidade (de maneira que as lecturas se adaptan ao nivel e aos gustos de cada persoa), ademais de potenciar o uso da biblioteca por parte do alumnado.

Nos niveis máis altos (principalmente en Avanzado) poderase optar por un único libro de lectura para toda a clase, xa que facilita o traballo conxunto. Tamén neste caso quedará ao dispor do profesorado a organización e incorporación de lecturas recomendadas; sempre intentando que nun mesmo nivel se poidan coordina-las tarefas relacionadas coas lecturas escollidas.

Con estas medidas pretendemos favorecer a lectura extensiva como instrumento para adquisición de lingua.

Por último, o profesorado non só poderá optar por incopora-las lecturas recomendadas, senón tamén por varialas se as razóns didácticas así o indicasen.

## Recursos cos que conta o departamento para o uso do profesorado

O departamento conta con numerosos materiais físicos de apoio, que o profesorado utiliza para preparar as súas aulas (manuais, gramáticas, libros específicos para cada actividade de lingua e nivel, ademais de numerosos CDs e DVDs, películas e outros tipos de materiais multimedia, etc.).

Ademais o profesorado tamén conta con ferramentas para preparar e deseñar as súas propias actividades.

Por outra banda, o departamento dispón doutros materiais en soporte informático, que inclúen, ademais de propostas de actividades, ferramentas para a avaliación (por exemplo, o PEL de adultos, rúbricas, etc.) e artigos teóricos de interese para o departamento sobre temas como a elaboración de probas, etc.

## Recursos na rede

Na rede, a EOI de Lugo conta cunha páxina de interese para todo o alumnado, [www.edu.xunta.es/centros/eoilugo/](http://www.edu.xunta.es/centros/eoilugo/), este sitio WEB dispón da plataforma CENTROSNET que, ademais de ofrecer ao alumnado toda a información sobre o seu expediente académico, pretende ser un lugar de encontro para o alumnado, ofrecendo foros, chats e un contacto directo co profesor que se debe aproveitar.

O departamento de alemán tamén ten o seu oco na páxina da escola, sendo este o marco onde o alumnado pode atopar información relativa ao desenvolvemento do curso, ás actividades desenvolvidas, así como a unha serie de ligazóns recomendadas para a aprendizaxe do alemán. O enlace directo a este listado de recursos é:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoilugo/node/91>

A través da páxina web da escola, o alumnado ten acceso directo ao espazo da Aula Virtual e con el aos cursos creados polo profesorado do departamento, nos que se penduran materiais que poden resultar de moita utilidade. O enderezo é:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/eoilugo/>

O departamento dispón dunha conta de correo electrónico ao que o alumnado pode dirixirse via internet, para consultar calquera tipo de información relativo a este. É a que segue: [eoilugo.aleman@edu.xunta.gal](mailto:eoilugo.aleman@edu.xunta.gal)

## Atención á diversidade

É un principio que debe rexer todo o ensino para lle proporcionar ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. As EEOOI deben procurar, na medida en que o permitan os seus recursos, medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

No ámbito educativo, a diversidade maniféstase en función de factores sociais, culturais, xeográficos, económicos, étnicos, relixiosos... e, principalmente, nas propias capacidades da persoa, como poden ser as intelectuais, motrices ou sensoriais.

Unha educación para a diversidade é o xeito correcto de planificar e desenvolver a aprendizaxe de idiomas, de ensinar e de aprender, atendendo ás esixencias da actual sociedade para acabar coa marxinação.

Como programar atendendo á diversidade:

**Contidos.** Deberanse planificar actividades e materiais didácticos diferenciados, graduar a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo), procurar recursos diferentes, agrupar de forma distinta e planificar os reforzos.

**Metodoloxía.** Planificación das estratexias. Deberanse considerar, polo menos, catro situacións:

- Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.
- Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.
- Alumnado que avanza con diferentes ritmos.
- Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, adaptacións e orientación. Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

**Avaliación.** É necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado; valorar a eficacia das medidas adoptadas e do material empregado. Tamén se debe avaliar o grao de satisfacción acadado, tanto polo profesorado como polo alumnado. En caso de que o alumnado presente un certificado de discapacidade que afecte ao desenvolvemento das probas de avaliación e solicite unha adaptación, a xefatura de estudos poñerase en contacto co Departamento de Orientación que será o responsable de establecer as pautas para a realización das probas.



## AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

### Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado elaborada polo profesorado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

### Avaliación de progreso

A avaliación de progreso refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso. O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MCERL menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MCERL, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

	<b>Tipo de proba</b>	<b>Como se informa ao alumnado</b>
<b>A1</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- recollida de tarefas de produción escrita ao longo do cuadrimestre (redaccións sinxelas, diálogos escritos e outros)</li><li>- actividades de aula (por exemplo elaboración e presentación de diálogos, exposicións curtas sobre un tema, representacións de situacións cotiás)</li><li>- actividades na casa (redaccións curtas sobre un tema concreto, correo electrónico a un amigo/a,...)</li><li>- proba de comprensión lectora e comprensión oral ao final do cuadrimestre</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- para tarefas escritas: comentarios por escrito con correccións e aclaracións</li><li>- para actividades de aula: en xeral avaliación a continuación por parte da profesora con propostas de mellora, ás veces autoavaliación e outras veces avaliación por compañeiros</li></ul>
<b>A2</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- recollida de tarefas ao longo do cuadrimestre (redaccións, diálogos escritos, anuncios e outros)</li><li>- actividades de aula (por exemplo elaboración e presentación de diálogos, exposicións curtas sobre un tema, representacións de situacións cotiás)</li><li>- actividades na casa (redaccións sobre un tema concreto, gravación de audios,...)</li><li>- algunha tarefa na aula virtual (tarefas de gramática, comprensión lectora,</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- para tarefas escritas: nunha primeira volta só se lle marcan os fallos e volven a facer a tarefa. Na segunda volta corríxense e explícanse os erros</li><li>- algunhas das tarefas na aula virtual levan unha nota numérica cun comentario sobre o que vai ben e o que pode mellorarse</li><li>- para algunhas tarefas a corrección faise a través de un audio, explicando os erros</li></ul>



	<p>comprensión oral e outras)</p> <p>- proba de comprensión lectora e comprensión oral ao final do cuadrimestre</p>	- nota numérica
<b>B1.1.</b>	<p>-Todas as tarefas autocorrixibles na aula virtual. Achegan información principalmente das actividades de comprensión da lingua.</p> <p>-Tarefas de mediación e produción escrita e oral tanto na aula virtual coma na aula presencial.</p>	<p>-Das tarefas autocorrixibles, o alumnado recibe a información ao momento. Incluso pode refacer a tarefa, para mellorar os aspectos que non comprende a primeira vez que o fai.</p> <p>-Das tarefas de mediación e produción, así como doutros elementos da situación de aprendizaxe, a retroalimentación faise de diferentes xeitos:</p> <p>Autoavaliación: Ao rematar cada módulo, o alumnado escribe unha entrada no seu diario de aprendizaxe. Neste diario, o alumnado debe reflexionar sobre o que aprendeu, ou non chegou a aprender, neste módulo.</p> <p>Heteroavaliación: a profesora comenta ao alumnado individualmente a través da aula virtual, ou directamente na aula presencial, os aspectos que cada un debe mellorar, cunha explicación personalizada. Tamén se realiza a heteroavaliación no sentido inverso, é dicir, o alumnado comenta á profesora os aspectos que se deben mellorar tanto na aula virtual, coma na aula presencial, a través da súa entrada no diario de aprendizaxe virtual.</p> <p>Coavaliación: Na aula presencial o alumnado corrixe e avalía coa axuda de guías de avaliación ou rúbricas un aspecto determinado dos traballos das compañeiras e dos compañeiros. Finalmente, poñemos en común na aula presencial, os erros máis habituais con respecto á guía de avaliación e a aprendizaxe que extraemos deses erros.</p> <p>Avaliación sumativa: Ao final do primeiro cuadrimestre, o alumnado recibirá un informe do seu progreso, baseado en todas as evidencias de aprendizaxe que se recolleron durante o curso na aula virtual e na aula presencial.</p>
<b>B1.2</b>	<p>- actividades de aula (por exemplo, debates, exposicións curtas sobre un tema, presentacións e outros)</p> <p>- actividades na casa (redaccións sobre un tema concreto, resumos, escribir textos dunha tipoloxía específica, por ex. unha reclamación...)</p> <p>- algunha tarefa na aula virtual (sobre todo produción de textos orais a través de audios)</p> <p>- proba de comprensión lectora e comprensión oral ao final do cuadrimestre</p>	<p>- para tarefas escritas: comentarios por escrito con correccións e aclaracións</p> <p>- para actividades de aula: en xeral heteroavaliación a continuación por parte da profesora con propostas de mellora, ás veces autoavaliación e outras veces avaliación por compañeiros</p> <p>- para as tarefas na aula virtual a través de audios: comentarios da profesora en forma de audio ou por escrito</p>
<b>C1.1.</b>	- actividades de aula (por exemplo, exposicións curtas sobre un tema,	-Das tarefas autocorrixibles, o alumnado recibe a información ao momento. Incluso

	<p>presentacións e outros, discusións...)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- actividades na casa (redaccións sobre un tema concreto...)</li> <li>- algunha tarefa na aula virtual (sobre todo comprensión lectora e comprensión oral)</li> <li>- proba de comprensión lectora e comprensión oral ao final do cuadrimestre</li> </ul>	<p>pode refacer a tarefa, para mellorar os aspectos que non comprende a primeira vez que o fai.</p> <p>-Das tarefas de mediación e produción, así como doutros elementos da situación de aprendizaxe, a retroalimentación faise de diferentes xeitos:</p> <p>Autoavaliación: Ao rematar cada módulo, o alumnado escribe unha entrada no seu diario de aprendizaxe. Neste diario, o alumnado debe reflexionar sobre o que aprendeu, ou non chegou a aprender, neste módulo.</p> <p>Heteroavaliación: a profesora comenta ao alumnado individualmente a través da aula virtual, ou directamente na aula presencial, os aspectos que cada un debe mellorar, cunha explicación personalizada. Tamén se realiza a heteroavaliación no sentido inverso, é dicir, o alumnado comenta á profesora os aspectos que se deben mellorar tanto na aula virtual, coma na aula presencial, a través da súa entrada no diario de aprendizaxe virtual.</p> <p>Coavaliación: Na aula presencial o alumnado corrixe e avalía coa axuda de guías de avaliación ou rúbricas un aspecto determinado dos traballos das compañeiras e dos compañeiros. Finalmente, poñemos en común na aula presencial, os erros máis habituais con respecto á guía de avaliación e a aprendizaxe que extraemos deses erros.</p> <p>Avaliación sumativa: Ao final do primeiro cuadrimestre, o alumnado recibirá un informe do seu progreso, baseado en todas as evidencias de aprendizaxe que se recolleron durante o curso na aula virtual e na aula presencial.</p>
--	--	---

### **Avaliación de promoción (ou sumativa)**

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores, esto é: nivel básico A1; nivel intermedio B1.1; así como o nivel avanzado C1.1.

Segundo establece a Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, naqueles idiomas en que o nivel básico A2 se imparta en máis dun curso, o 1º curso (A1) considerarase non terminal de nivel. No entanto, as escolas poderanlle emitir os certificados correspondentes ao nivel básico A1 ao alumnado que supere a proba de promoción deste curso, de acordo co establecido no artigo 11.9 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

Esta avaliación de promoción (ou sumativa) servirá para determinar se o alumnado foi quen de acadar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

Realizarase unha avaliación por curso, como se establece no proxecto educativo do centro, no mes de xuño, coincidindo ca última coa avaliación final global.

O grao de dominio acadado nas diferentes actividade de linguas será avaliado mediante os seguintes tipos de proba segundo corresponda:

1º Avaliación de progreso: realizaranse diferentes tarefas para cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado. Farase, con carácter xeral, ao finalizar o primeiro cuadrimestre.

2º Proba final de promoción: nos cursos non terminais de nivel, o alumnado realizará unha proba final elaborada polo departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.

### **Avaliación de progreso e proba final de promoción**

#### **Características xerais, estrutura e organización:**

a) Estas dúas probas serán elaboradas, administradas e corrixidas polo profesorado do departamento didáctico. A avaliación de progreso sera elaborada e levada a cabo por cada profesora nos seus grupos. Avalíanse as cinco actividades de lingua con diferentes tarefas e deberá corrixirse de acordo coas especificacións establecidas polo departamento.

As probas de promoción terán carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

b) A avaliación de progreso realizarase ao finalizar o primeiro cuadrimestre. Terá un valor meramente orientativo e servirá ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e ao alumnado para orientalo sobre o seu aproveitamento académico.

c) Na primeira quincena do mes de xuño, nestes cursos non terminais de nivel, celebrarase unha proba final de promoción que terá un valor porcentual do 100% respecto da cualificación final.

d) A proba final de promoción realizarase na primeira quincena do mes de xuño en convocatoria ordinaria e na segunda quincena do mes de xuño en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado terá que examinarse de todas as actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba terá un valor do 100% para todo o alumnado.

e) Establécese que se realizará unha valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula; esta valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

#### **Baremo e cualificación das probas:**

Con respecto á puntuación e cualificación das probas de promoción, son de aplicación os mesmos criterios establecidos na Circular 8/2019 para as probas de certificación.

#### **Proba do nivel básico A1**

a) A proba parcial de progreso será meramente orientativa. A proba final de promoción terá un valor de 100 puntos, e estruturarase en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita. A puntuación correspondente a cada unha das destrezas é de 25 puntos.

b) Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

c) Segundo a nova normativa, vixente dende o curso 2019/2020, non se compensarán unhas destrezas con outras. É dicir, mentres que antes, o alumnado que non tendo superado unha das actividades de lingua tivera acadado un mínimo de 10 puntos nela e 60 puntos na totalidade da proba, podía promocionar de curso. Na actualidade, non cabe esta posibilidade.

d) O alumnado que non acade o mínimo do 60% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 15 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 60%. Neste caso, se a calificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

e) O alumnado que non promocione deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua, tal e como se establece no artigo 9.7 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

f) Os resultados das cualificacións das ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse en termos de “Apto” ou “Non apto” na convocatoria ordinaria de xuño e, se é o caso, de “Non presentado” na convocatoria extraordinaria. No caso de obter cualificación de “Apto”, este resultado irá seguido da escala numérica de 5 a 10 entre paréntese, sen decimais, e figurará nas actas de avaliación final correspondentes e no expediente académico do/a alumno/a.

As equivalencias a efectos de puntuación numérica serán as seguintes:

60-66 puntos: 5	67-73 puntos: 6	74-80 puntos: 7
81-87 puntos: 8	88-94 puntos: 9	95-100 puntos: 10

## Probas dos niveis intermedio B1.1 e avanzado C1.1

### Estrutura, contido e organización das probas

- a) A proba parcial de progreso terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. A proba final de promoción terá un valor de 125 puntos, e estruturarase en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación. A puntuación correspondente a cada unha das destrezas é de 25 puntos.
- b) A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaranse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.
- c) Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das actividades de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% (81,25 puntos) na puntuación total da proba.
- d) O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65% (16,25 puntos). Neste caso, se a calificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.
- e) O alumnado que non promocione deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua, tal e como se establece no artigo 9.7 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo.
- f) Os resultados das cualificacións das ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse en termos de “Apto” ou “Non apto” na convocatoria de maio-xuño e, se é o caso, de “Non presentado” na convocatoria extraordinaria. No caso de obter cualificación de “Apto”, este resultado irá seguido da escala numérica de 5 a 10 entre paréntese, sen decimais, e figurará nas actas de avaliación final correspondente e no expediente académico do/a alumno/a.

## Avaliación certificadora

### Características xerais das probas e destinatarios

A avaliación de certificación levarase a cabo no último curso de cada nivel. Ten como finalidade a recollida de datos válidos e fiables sobre a actuación das persoas candidatas, a análise deses datos e a emisión dun xuízo sobre o seu nivel de competencia que permita, de ser o caso, a certificación oficial de competencias no uso do idioma nos diversos niveis de dominio e nas distintas actividades de lingua.

As probas de certificación de competencia xeral nos distintos idiomas, e para cada nivel, avaliarán a capacidade do alumnado para realizar as tarefas correspondentes ás actividades de lingua recollidas nos currículos establecidos no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, e no Decreto 81/2018, do 19 de xullo.

Seguindo as recomendacións do Consello de Europa sobre o uso do Portfolio, o alumnado que non supere a totalidade das partes de a proba correspondente ao certificado de competencia xeral poderáselle expedir, por pedimento do dito alumnado, unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalfen as partes superadas.

### Probas terminais de certificación

#### Elaboración, administración e cualificación

a) No deseño das probas de certificación tomaranse como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación para cada nivel e actividade de lingua dos currículos establecidos no Decreto 81/2018, do 19 de xullo, e no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro.

Para garantir a validez e a fiabilidade do proceso de administración das probas, así como a igualdade de condicións de todas as persoas candidatas, as probas de certificación administraranse de acordo co protocolo que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na *Guía de administración de probas de certificación*.

b) As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturarase en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

c) As probas correspondentes ao nivel intermedio B1 estruturarase en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaranse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

d) Correspóndelle ao profesorado das escolas oficiais de idiomas a avaliación, administración, corrección e cualificación das probas de certificación para a obtención dos certificados dos niveis básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2.

## **Estrutura, contido e organización das probas**

### **Nivel básico A2**

a) A proba de nivel básico A2 estruturarase en catro partes: comprensión oral, comprensión escrita, produción e coprodución oral e mediación e produción e coprodución escrita e mediación.

b) O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatória para a realización do resto delas. De non presentarse a algunha das partes da proba, nas actas figurará a cualificación de “Non apto”.

c) A cualificación da produción e coprodución escrita e mediación e da produción e coprodución oral e mediación das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

### **Nivel intermedio B1**

a) As probas de nivel intermedio B1 estruturarase en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaranse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

b) O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatória para a realización do resto delas. De non presentarse a algunha das partes da proba, nas actas figurará a cualificación de “Non apto”.

c) A cualificación da produción e coprodución de textos orais, da produción e coprodución de textos escritos, así como da mediación das probas, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

## **Puntuación e cualificación das probas**

### **Nivel básico A2**

a) Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba de nivel básico A2 terá un valor de 25 puntos, sumando 100 puntos na súa totalidade.

b) A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua. A cualificación outorgada ao alumnado será de “Apto”, “Non apto” ou “Non presentado”, segundo corresponda. En calquera caso non poderá figurar “Non presentado” na avaliación ordinaria do alumnado presencial.

c) O alumnado que non obteña a cualificación de “Apto” na proba terminal de certificación de nivel básico A2, poderá solicitar unha certificación académica de ter alcanzado o dominio requirido nalgunha das actividades de lingua que a proba avalíe.

d) A cualificación de “Apto” na proba terminal de certificación do nivel básico permite o acceso ao nivel intermedio.

e) A cualificación da produción e coprodución escrita e mediación e da produción e coprodución oral e mediación das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

f) De non obter a cualificación de apto en todas as actividades de linguas na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

### **Nivel intermedio B1**

a) A puntuación total de cadansúa proba de certificación do nivel intermedio B1 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estruturan as probas terá un valor de 25 puntos.

b) A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das actividades de lingua e a puntuación conxunta de todas as destrezas alcance un mínimo do 65% (81,25 puntos) dun total de 125 puntos. A cualificación outorgada ao alumnado será de “Apto”, “Non apto” ou “Non presentado”, segundo corresponda. En calquera caso non poderá figurar “Non presentado” na avaliación ordinaria do alumnado presencial.

c) A cualificación da produción e coprodución escrita e mediación e da produción e coprodución oral e mediación das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

d) O alumnado que non obteña a cualificación de “Apto” nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis, poderá solicitar unha certificación académica de ter acadado o dominio requirido nalgunha das actividades de lingua que as probas avalíen.

e) A cualificación de “Apto” na proba terminal de certificación do nivel intermedio permite o acceso ao nivel avanzado.

f) De non obter a cualificación de apto en todas as actividades de lingua na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as actividades de lingua.

## **Autoavaliación**

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

## **Mínimos esixibles en diferentes niveis**

Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel. A cada obxectivo da programación correspóndelle un criterio de avaliación e a cada criterio de avaliación un mínimo esixible. Este mínimo serviranos para fixar unha escala que permita valorar se o alumnado é quen de empregar correctamente outras expresións coa mesma función comunicativa.

Aparecen indicados ao longo da presente programación didáctica.

## **Avaliación da programación didáctica e proposta de revisión para o seguinte curso**

### **Cuestionario para os niveis (A1-1, A2, B1.1.)**

1. Consideras que os contidos e obxetivos que o Departamento determinou na programación didáctica son apropiados para este curso e nivel?
2. Cambiarías algún deles para o vindeiro curso?
3. Incorporarías algún contido ou obxectivo novo, ou desprazaríalo de curso sempre no mesmo nivel ou noutro diferente?
4. Pareceche suficientemente claros os criterios de avaliación establecidos polo Departamento para este curso?
5. Cres que o alumnado ten completada a formación que se propuxo no Departamento ata este momento?
6. Hai algún elemento que se descoidase na redacción da programación didáctica e que agora consideres necesario para o seu desenvolvemento?

7. Que opinas dos pasos que se deron cara a estandarización á hora de avaliar as probas de certificación? Que proporías neste senso para poñelo en práctico curso 2022-23?
8. Hai outros aspectos que queirades comentare/ou salientar?

### **Cuestionario para o nivel C1.1**

1. Consideras que os contidos e obxetivos que o Departamento determinou na programación didáctica son apropiados para este curso e nivel?
2. Cambiarías algún deles para o vindeiro curso?
3. Incorporarías algún contido ou obxectivo novo, ou desprazaríalo de curso sempre no mesmo nivel ou noutro diferente?
4. Pareceche suficientemente claros os criterios de avaliación establecidos polo Departamento para este curso?
5. Cres que o alumnado ten completada a formación que se propuxo no Departamento ata este momento?
6. Hai algún elemento que se descoidase na redacción da programación didáctica e que agora consideres necesario para o seu desenvolvemento?
7. Que opinas dos pasos que se deron cara a estandarización á hora de avaliar as probas de certificación? Que proporías neste senso para poñelo en práctico curso 2022-23?
8. Hai outros aspectos que queirades comentare/ou salientar?